

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 13/2021

### SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE OUTUBRO DE 2021

#### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 29 de setembro de 2021.

#### **Ditames das comisións informativas:**

#### ORGANIZACIÓN MUNICIPAL, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ADMINISTRATIVA E I+D

- 2.** Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público. Resolución de alegación. Expediente 118041/210. Rexistro Pleno 3138/1101.

#### ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Dar conta do Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2021. Expte. 102827/140. Rexistro Pleno 3137/1101.
- 4.** Dar conta das liñas fundamentais do orzamento do ano 2022 e previsión de liquidación do Orzamento do ano 2021. Expte. 195/143 Rexistro Pleno 3140/1101.
- 5.** Dar conta do Estado de execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2021, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias. Expte. 200/143. Rexistro Pleno 3139/1101.
- 6.** Dar conta da morosidade e período medio de pagos do terceiro trimestre de 2021. Expte. 24845/541. Rexistro Pleno 3141/1101.

#### URBANISMO

- 7.** Aprobación definitiva do Instrumento de Ordenación Provisional no ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 Calvario. Expte. 17165/411. Rexistro Pleno 3146/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 1 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### Mocións:

- 8.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Goberno de España a incrementar substancialmente os recursos que asigna á cidade e a executar a totalidade do Orzamento. Rexistro Pleno 3156/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a incluír nos seus orzamentos unha partida para garantir a gratuidade das escolas infantís dende o 1 de xaneiro de 2022, para a atención educativa e para o servizo de comedor. Rexistro Pleno 3151/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a contratación de profesorado para tódolos centros educativos da nosa cidade que viron recortado o seu persoal. Rexistro Pleno 3152/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que bonifique as peaxes da autoestrada Vigo-Baiona nos mesmo termos que o fixo o Goberno do Estado coa peaxe a Redondela. Rexistro Pleno 3153/1101.
12. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a consignación nos Orzamentos do 2022 da partida económica correspondente para a realización da ampliación do túnel de Beiramar en Vigo. Rexistro Pleno 3154/1101.

### PARTE DE CONTROL

13. Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 23.09 ao 19.10.2021. Expte. 1093/1102. Rexistro Pleno 3148 /1101.
14. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 23.09 ao 19.10.2021. Expte. 1094/1102. Rexistro Pleno 3149/1101.

### Mocións.

15. Moción do concelleiro non asdcrito por un Plan municipal de promoción da lectura en Vigo. Rexistro 3155/1101.
16. Moción do grupo municipal Mixto para a priorización de políticas de reconstrución económica e social na cidade de Vigo con cargo aos fondos europeos Next Generation. Rexistro Pleno 3150/1101.
17. **Formulación de rogos.**
18. **Formulación de preguntas.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 2 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón  
 Aguiar Castro Yolanda  
 Aneiros Pereira Jaime  
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
 Caride Estévez María José  
 Espinosa Mangana Elena  
 Estévez Rodríguez Pablo Luis  
 Fernández Pérez José Manuel  
 Gómez Díaz Gorka  
 Iglesias González Ana Laura  
 Lago Barreiro María del Carmen  
 López Font Carlos  
 Losada Alvarez Abel Fermín  
 Mejías Sacaluga Ana Maria  
 Pardo Espiñeira Francisco Javier  
 Rivas González Ángel  
 Rodríguez Calviño Patricia  
 Rodríguez Díaz Santos Héctor  
 Rodríguez Rodríguez Nuria  
 Silva Rego M<sup>a</sup> Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa  
 González Castillo Jesús Marco  
 López Román Patricia  
 Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana  
 Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e sete de outubro do ano dous mil vinteun, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 3 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1.(188). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 29 DE SETEMBRO DE 2021.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta ordinaria do 29 de setembro de 2021

#### **2.(189). APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN. EXPEDIENTE 118041/210. REXISTRO PLENO 3138/1101.**

ANTECEDENTES: En data de 1.10.21, o enxeñeiro técnico industrial e a xefa da Área de Seguridade e Mobilidade co conforme da concelleira delegada da Área, emiten o seguinte informe proposta,

##### **“I. FEITOS/ANTECEDENTES**

I.1. En sesión ordinaria do 28.07.2021 o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar inicialmente a «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO», abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, que concluíu o pasado 21.09.2021

I.2. A tal efecto, publicouse anuncio oficial no BOP nº151, do 09.08.2021, e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo (<https://transparencia.vigo.org/>).

I.3 Durante o período de información pública, presentáronse catro (4) alegacións, segundo resulta da certificación expedida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local de data 28 de setembro de 2021. As mesmas serán obxecto de análise e valoración neste informe-proposta.

##### **II. NORMATIVA EXAMINADA**

- Constitución Española de 1978 (CE)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 4 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)
- Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL)
- Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Lei reguladora das facendas locais
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais
- Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- Orden 23 de outubro de 2020 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
- Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior
- Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o acceso as actividades de servizo e o seu exercicio
- Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial
- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 5 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Ordenanza xeral de circulación do termo municipal de Vigo
- Ordenanza reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOPPO de 16 de maio 2008)
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local
- Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro, polo que se desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados”
- Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Ordenanza reguladora da convivencia cidadán e o Ocio

### III. INFORME DAS ALEGACIÓNS

#### III.1. ALEGACIÓNS Nº1 e 2:

ALEGANTE: FEPROHOA (FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE PONTEVEDRA)  
NIF/CIF: G36.614.907  
DATA REXISTRO: 12/8/2021  
DOCUMENTO: 210165684

ALEGANTE: VIGOCOMERCIO (FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA)  
NIF/CIF: G42.789.131  
DATA REXISTRO: 06/09/2021  
DOCUMENTO: 210182470

As alegacións contidas nos dous documentos referidos son de idéntica natureza e en idénticos termos, polo que serán tratadas conxuntamente.

Alegación:

- *Flexibilidade horaria (alegación ao art. 9)*
  - - *non limitación de apertura horaria por meses*
  - - *maior amplitude de apertura horaria ante eventos e festas*

O equilibrio entre os lexítimos intereses económicos do sector da hostalería e a non perturbación da vida dos veciños por posibles actividades molestas no seu entorno ten a súa garantía nunha correcta regulación horaria dos locais implicados. Non sería posible sen uns límites axeitados.

Pero a pesar destes límites a propia Ordenanza establece no seu artigo 9.3 a posibilidade a Xunta de Goberno Local de modificar os límites horarios “atendo as circunstancias de índoles socioeconómico, ambientais ou urbanísticas que podasen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 6 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

concorrer en cada caso concreto, debidamente motivadas no expediente, con especial atención á existencia das zonas acusticamente saturadas”

Alegación:

- *Posibilidade de instalación de elementos de reprodución de imaxe e son (alegación ao art. 7.3)*

A regulación contida no art. 7.3 “queda prohibida a instalación nas terrazas de calquera elemento de reprodución de imaxe e son” nace da intención de asegurar de que a instalación de terrazas non se constituía nunha fonte perturbadora do descanso dos veciños. É lóxico pensar que o traslado da actividade de restauración do interior dos locais adoitados a elo a rúa xa supón un certo “impacto acústico” no entorno. Pero en todo caso un “impacto” aceptable sempre que non vai máis alá da voz humana nun ton normal.

A instalación de equipos de reprodución de imaxe, e en especial de son, podería constituír un risco de quebrar a protección ao descanso e a tranquilidade que merecen os moradores do entorno. Non só consideramos o referido “impacto acústico”, se non tamén ser a base para xerar concentración de persoas ante unha determinada proxección ou música. Neste apartado temos tamén que considerar a normativa sobre ruídos, e en especial, no que fai referencia a “zonas acusticamente saturadas” e zonas protexidas.

Aínda que, por norma xeral, polo exposto, débese manter a prohibición dos elementos referidos, ante determinados eventos poderíase adoitir unha regulamentación máis flexible previo estudo das circunstancias concretas.

PROPOSTA:

Desestimar, polas razóns expostas, a alegación ao artigo nº9 da ordenanza, e estimar parcialmente a alegación ao artigo 7.3, co engadido na redacción do mesmo do seguinte texto:

*“Porén a petición dos interesados, e tras estudo e valoración técnica dos servizos municipais, a Xunta de Goberno Local poderá, excepcionalmente, autorizar con motivo da celebración de eventos de especial relevancia a colocación de aparellos ou sistemas de reprodución de imaxe e son.”*

### III.2. ALEGACIÓN Nº3

INTERESADO: EDUARDO CANABAL SANZ  
NIF/CIF: 35.975.329V  
DATA REXISTRO: 16/8/2021  
DOCUMENTO: 210166948

Alegación:

- *non facer mención no procedemento a normativa estatal reguladora de terrazas en dominio público; “ocultación” desta normativa no procedemento*
- *non respectar o principio de xerarquía normativa na elaboración de normas*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 7 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

No procedemento de desenrolo da normativa de terrazas non se menciona unha posible “normativa estatal reguladora de terrazas en dominio público”, simplemente porque esa regulación como tal non existe. O lexislador estatal non entra a legislar especificamente as terrazas de hostalería xa que tal materia é de competencia local. Non hai unha “lei de terrazas” nin un “regulamento estatal de terrazas”; nin tan sequera a nivel autonómico. De feito o propio alegante non menciona cal é esa normativa de ámbito estatal sobre terrazas a que se refire. A pesar da advertencia de “ocultación” no procedemento desta normativa, non se pode ocultar o que non existe.

En todo caso, hai que atender que o que aquí se regula é a utilización do dominio público local por establecementos abertos o público, e que son os entes locais os encargados desta regulación como sinala a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas. Destacar tamén o “Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais” sobre o uso do dominio público que afecta en concreto aos entes locais, e o “Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana” onde entre outras temas régulase a accesibilidade universal no que respecta o medio urbano. Tamén e sobre esta última materia sinalar a “Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia” Todas estas normas son claves na regulación dos espazos de dominio público ou da ordenación urbanística.

Polo tanto no procedemento en cuestión si se tivo en conta a lexislación estatal implicada na regulación de terrazas. E non só a lexislación de rango estatal, senón tamén a autonómica e directivas europeas.

O procedemento foi polo tanto respectuoso coas normas de rango superior, non contradicindo o principio de xerarquía normativa proclamado no artigo 9 da Constitución. Por outra banda o alegante non indica en que puntos concretos se está producindo esa violación de dito principio constitucional, parecendo indicar que todo o procedemento está viciado, partindo dunha base xuridicamente errada ao considerar que existe unha norma estatal de terrazas de hostalería.

Alegación:

- *Advertencia de ilegalidade para futuras actuacións como acordos ou resolucións en contradición da normativa estatal, como a Orden nº56 do Ministerio da Vivenda, do 1 de febreiro de 2010 (BOE, 11 de marzo de 2010)*

Non se trata dunha alegación propiamente en si, se non dunha advertencia apriorística de posibles ilegalidades futuras derivadas de los actos de aplicación da nova ordenanza.

No que respecta a Orden nº56 do Ministerio da Vivenda de 2010, sinalar que tal orden non existe. Probablemente o alegante, por erro, debe querer referirse a “Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro, polo que se desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados” (publicada o 11 de marzo de 2010)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 8 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Esta orden non é en si mesma unha normativa sobre a regulación de terrazas en dominio público (en realidade ten un só artigo onde se refiren concretamente a elas), senón unha norma técnica básica sobre accesibilidade e non discriminación na utilización do dominio público urbanizado para persoas con discapacidade, partindo do principio de accesibilidade universal, e que ten reflexo, entre outras áreas, fundamentalmente na normativa urbanística actual (indicada no procedemento). É en realidade unha instrución técnica para espazos públicos. O seu obxecto é desenrolar as condicións básicas de accesibilidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados de nova construción; nas zonas urbanas consolidadas, cando non sexa posible o cumprimento dalgunha das condicións indicadas na mesma, prevé a opción de solucións alternativas.

**Alegación:**

- *Non mención no procedemento da Ordenanza reguladora da convivencia e o ocio.*

Sobre a non mención no procedemento de determinadas normas (a propia Orden VIV/561/2010, a Ordenanza de Convivencia Cidadá), indicar que menciónanse explicitamente aqueles particulares que o xuízo dos técnicos considéranse máis significativas e directamente relacionados co caso en cuestión, e non todas as que dunha forma tanxencial ou en situacións moi concretas poderían incidir.

Sería imposible (ademais de fundamentalmente innecesario) citar todas as ordes, instrucións técnicas, notas de servizo, circulares, regulamentos,... de desenrolo de cada unha das leis. Polo tanto, as normas sinaladas, como as demais de desenrolo legal correspondente da materia inspiran, limitan o seu caso condicionan a ordenanza en cuestión, non sendo aceptable como sinala o alegante que por non mencionalas especificamente se deba supor que a administración local vainas a ignorar ou incumprir. De feito no artigo 6 da Ordenanza onde se fai referencia a normativa aplicable dise literalmente: “as instalacións reguladas nesta ordenanza quedan suxeitas á normativa sectorial que lles sexa de aplicación, polo que as súas determinacións son plenamente esixibles, aínda cando non se faga expresa referencia ás mesmas na presente ordenanza”

**PROPOSTA:**

Desestimar, polas razóns expostas, as alegacións propostas.

**III.3. ALEGACIÓN Nº4:**

**ALEGANTE:** FERNANDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
**NIF/CIF:** 35.249.434W  
**DATA REXISTRO:** 17/09/2021  
**DOCUMENTO:** 210190406

**Alegación:**

- *extensión das condicións de instalación de terrazas de hostalería en espazos públicos a espazos exteriores privados non legalmente afectados ao uso público (polo menos temporalmente mentres dure a situación de crise sanitaria derivada da pandemia de COVID-19)*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 9 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A finalidade da ordenanza é regular a instalación de terrazas nos espazos de uso público do termo municipal de Vigo; en modo algún obedece á aplicación de lexislación doutra natureza como a sanitaria ou a de consumo de tabaco, nin tampouco a límites de aforo pola pandemia de COVID-19

A súa finalidade é a ordenación detallada da instalación de terrazas como complemento da actividade de hostalería, conxugado co goce do espazo público. Como toda normativa ten unha clara vocación de permanencia no tempo. Non é o seu obxecto responder á actual problemática da crise sanitaria, senón que é unha ordenación desde agora e cara o futuro.

Na alegación cítase o artigo 2.a da ordenanza, onde precisamente fíxase a exclusión dos espazos de titularidade privada do ámbito da regulación; como non pode ser doutro xeito, xa que como mencionamos e despréndese do seu contido o seu ámbito é o dominio público; de aí que a súa primeira exclusión sexan os espazos de titularidade privada.

Non podemos esquecer que as propiedades privadas, de conformidade co establecido no Código Civil, poderán ser utilizadas polos seus propietarios a súa conveniencia, con as limitacións que establezan as leis e os regulamentos de policía; polo que de interesar a un particular o destinar un espazo exterior privado anexo a un local de hostalería, deberá de incluílo na solicitude de licenza urbanística para a actividade que se solicite para o local. Nese caso abarcará tanto o espazo interior como o exterior afecto a actividade.

**PROPOSTA:**

Desestimar, polas razóns expostas, a alegación proposta.

**VI. PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO DA CORPORACIÓN:**

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se transcribe na parte expositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+d, na súa sesión ordinaria do 20.10.21, ditaminou favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 10 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Con base no informe-proposta emitido polo Enxeñeiro Técnico de Seguridade e polo Xefe da Área de Seguridade transcrito na parte expositiva deste acordo:

- Respecto das alegacións presentadas por FEPROHOA (FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE PONTEVEDRA) (doc. nº210165684) e VIGOCOMERCIO (FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA) (doc. nº210182470) estimar parcialmente a alegación relativa a instalación de elementos de reprodución de imaxe e son, e desestimar o resto, completando o artigo 7.3 nos termos que constan no informe técnico das alegacións.

- Desestimar a alegación presentada por D. Eduardo Canabal Sanz (doc. Nº210166948) polos motivos que constan xa expostos no informe técnico.

- Desestimar a alegación presentada por D. Fernando Fernández Fernández (doc. Nº210190406) polos motivos que constan xa expostos no informe técnico.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO (exp. nº118041/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos alegantes en cumprimento o disposto no artigo 83.3 da da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Proceder á publicación do acordo e do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local e artigo 196.2 do ROF (RD 2568/1986), entrando ao vigor aos 15 días hábiles da súa publicación.

CUARTO: Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 112.3, 114 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 11 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

# ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO

## ÍNDICE

PREÁMBULO.....	11
TÍTULO PRELIMINAR.....	12
Artigo 1 Obxecto.....	12
Artigo 2 Exclusionís.....	13
Artigo 3 Definicións.....	13
Artigo 4 Criterios reitores da utilización do dominio público.....	14
Artigo 5. Actividades susceptibles de instalar terrazas.....	15
Artigo 6. Normativa aplicable.....	15
TÍTULO I.....	15
CAPÍTULO I.....	15
DISPOSICIÓN XERAIS.....	15
Artigo 7. Elementos e mobiliario que delimitan e acondicionan a terraza.....	15
Artigo 8 Condicións xerais do mobiliario e elementos que conforman a terraza.....	16
Artigo 9 Horario de funcionamento.....	17
CAPÍTULO II.....	17
LÍMITES E REQUISITOS XERAIS.....	17
Artigo 10 Limitacións xerais.....	17
Artigo 11 Superficie autorizada.....	18
Artigo 12 Sinalización da superficie ocupable.....	19
Artigo 13 Desenvolvemento lonxitudinal.....	19
Artigo 14 Outras condicións xerais.....	19
Artigo 15 Acoraxes.....	20
Artigo 16 Publicidade.....	21
Artigo 17. Acometidas.....	21
CAPÍTULO III.....	21
BEIRARRÚAS.....	21
Artigo 18 Ocupación en beirarrúas.....	21
CAPÍTULO IV.....	22
ÁREAS PEONÍS, PRAZAS E ESPAZOS LIBRES.....	22
Artigo 19 Rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables.....	22
Artigo 20 Zonas de soportais.....	23
CAPÍTULO V.....	23
CERRAMENTOS LIXEIROS.....	23
Artigo 21 Terrazas con cerramentos lixeiros facilmente desmontables.....	23
TÍTULO II.....	23
RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO.....	23
CAPÍTULO I.....	23
AUTORIZACIÓNS.....	23
Artigo 22 Normas xerais.....	23
CAPÍTULO II.....	24
SOLICITUDES.....	24
Artigo 23 Solicitud de autorización e documentación adxunta.....	24
CAPÍTULO III.....	26
PROCEDEMENTO.....	26



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 12 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Artigo 24 Tramitación.....	26
Artigo 25 Contido da autorización.....	27
Artigo 26 Cambio de titularidade da autorización.....	27
Artigo 27 Renovación das autorizacións.....	27
CAPÍTULO IV.....	27
DEBERES DO TITULAR DA AUTORIZACIÓN.....	27
Artigo 28.- Obrigas.....	27
CAPÍTULO V.....	28
EXTINCIÓN, MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN.....	28
Artigo 29 Extinción da autorización.....	28
Artigo 30 Revogación da autorización.....	28
Artigo 31 Caducidade.....	29
Artigo 32 Modificación ou suspensión temporal da autorización.....	29
TÍTULO III.....	29
RÉXIME SANCIONADOR.....	29
CAPÍTULO I.....	29
INFRACCIÓNS.....	29
Artigo 33 Infraccións.....	29
1. As accións u omisións contrarias a esta lei terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos termos previstos na mesma.....	29
Artigo 34 Infraccións leves.....	29
Artigo 35 Infraccións graves.....	30
Artigo 36 Infraccións moi graves.....	30
CAPÍTULO II.....	31
SANCIÓNS.....	31
Artigo 37 Sancións.....	31
Artigo 38 Responsabilidade.....	31
CAPÍTULO III.....	31
DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR.....	31
Artigo 39 Procedemento sancionador.....	31
CAPÍTULO IV.....	32
DA PRESCRICIÓN.....	32
Artigo 40 Prescrición.....	32
CAPÍTULO V.....	32
DA EXECUCIÓN FORZOSA.....	32
Artigo 41 Execución forzosa.....	32
CAPÍTULO VI.....	32
VIXILANCIA E INSPECCIÓN.....	32
SECCIÓN I.....	32
FACULTADES.....	32
Artigo 42 Facultades de inspección.....	32
1. O persoal do concello que resulte competente, e en todo caso os funcionarios da Policía Local velarán polo cumprimento do disposto na presente ordenanza.....	32
Artigo 43 Actas.....	33
Artigo 44 Requirimento previo.-.....	33
SECCIÓN II.....	33
ELEMENTOS INTERVIDOS.....	33
Artigo 45 Depósito.....	33
Artigo 46 Tratamento de residuo sólido urbano.....	33



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 13 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Disposición adicional única. Utilidade pública.....	33
Disposicións transitorias. Autorizacións vixentes.....	34
Disposicións derogatorias.....	34
Disposición final segunda.- Publicación e entrada en vigor.....	34
ANEXO I.....	35
DESEÑO DE COLOCACIÓN E DIMENSIÓNS DO NOME COMERCIAL OU LOGOTIPO DO ESTABLECEMENTO.....	35

## PREÁMBULO

### I

A presente ordenanza ven regular a instalación de terrazas de hostalaría en espazos de uso público da competencia do Concello de Vigo. O obxectivo da mesma é dar resposta aos lexítimos intereses económicos do sector da hostalería conxugado co dereito dos veciños ao uso deste espazo público, ao libre tránsito polo mesmo e o seu goce, en especial garantindo o principio de accesibilidade universal para todas as persoas.

### II

A hostalería constitúe unha actividade económica de primeiro orde na vida da cidade, da resposta as necesidades de ocio e lecer dos veciños, vitalizadora e dinamizadora do entorno urbano, e ferramenta necesaria para o fomento turístico. Fonte de riqueza e emprego para a cidade que desde o Concello temos a responsabilidade de apoiar.

Nos últimos anos a instalación de terrazas de hostalería na vía pública, ten cobrado máis dinamismo, e cada vez son máis os establecementos que desexan ofertar estas instalacións complementarias ao negocio principal os seus clientes. Entre outro motivos, esta extensión na oferta das mesmas veuse impulsado nos últimos anos pola aplicación da coñecida como “lei antitabaco” que supuxo a prohibición de fumar en espazos pechados.

### III

Ante a limitación do espazo público e a necesidade de conciliar os diferentes intereses incursos faise necesario regular aqueles elementos da actividade hostaleira que poidan interferir con outros intereses tamén lexítimos. É necesario pois unha regulación integral que atenda e dea resposta as necesidades dos diferentes sectores, poñendo en primeiro termo a salvagarda dos intereses públicos e da cidadanía.

Entre os intereses a protexer débese considerar a liberdade de tránsito dos viandantes no respecto ao principio de accesibilidade universal garantindo o tránsito sen obstáculos daqueles dos nosos cidadáns con problemas de mobilidade; a non interferencia co tráfico rodado; a non obstaculización o movemento do servizos de emerxencia; a non interferencia na actividade económica doutras empresas e negocios; o respecto as edificacións, mobiliario urbano e elementos artísticos da contorna; a paisaxe urbana; e a non perturbación do medio ambiente unha de cuxas manifestacións máis relevantes é o dereito dos veciños a non verse molestos nas súas actividades diarias e descanso, especialmente no ámbito da inviolabilidade domiciliaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 14 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

#### IV

Atendendo aos citados fins, a Lei 9/2013 de Galicia (transposición da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de decembro, relativa ós servizos no mercado interior) do emprendemento e a competitividade económica de Galicia somete a actividade de terrazas ao réxime de licenzia municipal previa.

#### V

A ordenanza nace coa vocación de integrarse no marco normativo municipal, tendo en conta non só a realidade concreta que regula, senón tamén a súa relación inequívoca con outras ordenanzas vixentes e máis coa lexislación sectorial de concorrente aplicación. A nova regulación intenta manter aqueles aspectos da ordenanza vixente que ofertaron unha solución axeitada, na procura, ao mesmo tempo, e adaptala ás novas necesidades socio-económicas, para lograr a maior harmonización posible entre os diferentes intereses converxentes.

#### VI

Entre as novidades desta ordenanza destácanse procurar unha maior definición do tipo de mobiliario urbano susceptible de servir de acondicionamento á terraza; a supresión da obrigatoriedade de acaroar ese mobiliario ás fachadas dos edificios onde se sitúa a actividade hostaleira á que presta servizo; e a regulación das tarimas e as estruturas lixeiras como elementos adicionais na procura da mellor adecuación da actividade aos seus fins propios, sen detrimento dos demais intereses concorrentes en cada caso.

Aspectos todos eles sobre os que na nova ordenanza albégase un amplo espazo de iniciativa e colaboración a favor sector no seu conxunto, colaborando co Concello á consecución e o mantemento da cidade máis fermosa e agradable para a veciñanza e os visitantes.

#### VII

Singular importancia cobran as rúas peonís, prazas e demais espazo libres, que deberán ser obxecto de consideración singular a través de os correspondentes proxectos técnicos autorizados pola Xunta do Goberno Local.

#### VIII

En materia de procedemento, e segundo o establecido na Lei 9/2013 do emprendemento e a competitividade económica, o silencio administrativo régúlase no art. 24.

En todo caso, a nova ordenanza contempla como norma xeral a prórroga automática, unicamente vinculada á liquidación da taxa e ao mantemento das circunstancias que deron lugar ao seu outorgamento.

#### IX

Dada a esencial unidade do ordenamento xurídico no seu conxunto, na redacción da nova ordenanza procurouse evitar a cita ou reiteración doutras normas legais ou regulamentarias que resulten en cada caso de aplicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 15 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## TÍTULO PRELIMINAR

### Artigo 1 Obxecto.

1.1 Esta ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico e condicións a que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público e espazos privados de acceso libre e uso público mediante a súa ocupación temporal con terrazas

1.2 A instalación de terrazas en terreos de titularidade pública e terreos de titularidade privada de uso público se consideran análogas, e por elo aplicaráselles a ámbolos dous supostos o mesmo réxime regulatorio, ao primar nos dous casos a función pública e o uso público dos terreos.

### Artigo 2 Exclusionións.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación da presente ordenanza:

- a) A instalación de terrazas en calquera espazo de titularidade privada que non resulte legalmente afecto a un uso público.
- b) Calquera aproveitamento especial ou uso privativo do dominio público suxeito a réxime de concesión administrativa, como puideran ser os quioscos, bares-cafeterías ou restaurantes localizados, con carácter permanente, en calquera tipo de edificios ou espazos de uso público.
- c) A utilización do dominio público por razón de actos directamente promovidos polo Concello de Vigo.
- d) Actos de ocupación que, sendo de carácter hostaleiro, realícense con ocasión da celebración de festas, actividades deportivas, culturais, gastronómicas e análogas, que se suxeitarán ás súas normas específicas.

### Artigo 3 Definicións.

Aos efectos desta ordenanza, relaciónanse de seguido determinados conceptos, cuxa descrición inspirará e delimitará a correcta aplicación da ordenación que nela se contén:

1. *Espazos privados de uso público*: son aqueles terreos que, mantendo a súa titularidade dominical privada, resultan afectos a un concreto uso público por virtude dun acto xurídico ditado en execución das previsións contidas na ordenación territorial ou urbanística aplicable.

2. *Título habilitante*: acto xurídico que, consonte á lexislación aplicable, faculta ao administrado para a implantación dunha concreta actividade ou para a realización de determinadas obras.

3. *Terraza*: toda instalación de mobiliario con carácter non permanente e, no seu caso, con elementos que a delimitan e acondicionan, para realizar unha actividade accesoria á principal que legalmente é desenvolvida no interior dun inmovible.

7. *Antuca ou parasol*: Instalación auxiliar para resgardar do sol en terrazas, con forma de paraugas, cun só pé ou mastro, carente de cerramentos verticais.

8. *Toldos*: Instalación auxiliar dunha terraza con estrutura desmontable, concibida para facer sombra, composta unicamente por un lenzo, que poderá ser fixo,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 16 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



enrolable ou encartable en sentido horizontal, de material téxtil ou sintético, podendo ter cerramentos verticais enrolables e flexibles.

9. *Carpa*: instalación ou estrutura desmontable, que dispón de cerramentos permanentes e cubrición mediante toldos ou lonas.

10. *Rúas peonís*: aquelas nas que a totalidade da vía estea reservada de forma permanente ao uso peonil agás no horario permitido para carga e descarga e para o paso de vehículos de servizo público ou de residentes.

11. *Construción ou estrutura lixeira*: conxunto de pezas ensambladas, de carácter desmontable, que conforman un espazo con certa capacidade para illarse do ambiente exterior.

Entenderase por instalacións desmontables aquelas que están constituídas por elementos prefabricados, sen elaboración de materiais en obra podendo ter algún punto de soldadura, e se monten e se desmonten mediante procesos secuenciais, podendo realizarse seu levantamento sen demolición, sendo o conxunto dos seus elementos facilmente transportable.

12. *Tarima: cobertura* do pavimento do terreo onde se instale a terraza, coa finalidade de mellorar as súas condicións de confort ou accesibilidade, mediante a colocación de materias antideslizantes que cubran como máximo a superficie autorizada.

13. *Elemento separador*: protección lateral que delimita verticalmente a parte do terreo ocupada por cada terraza. Terán unha altura mínima de 75cm.

- *Elemento de xardinería*. Elemento decorativo vexetal e complementario da terraza, de natureza estritamente ornamental.
- *Biombo*: estrutura plegable composta por bastidores articulados que poden estenderse ou encollerse, e que serve para delimitar unha terraza ou unha concreta zona dentro da mesma.
- *Paraventos*: estrutura auxiliar lixeira e facilmente desmontable, normalmente situada aos extremos lindeiros da terraza, que protexe aos seus usuarios do vento.

14. *Elemento auxiliar de apoio*: instalación auxiliar para facilitar o desenvolvemento da actividade, como puideran ser os soportes para a colocación de consumicións ou elementos de información aos consumidores e usuarios (cartas de menú e similares).

15. *Elemento industrial*: equipos, redes e sistemas cuxa función é garantir, mellorar ou complementar as condicións de seguridade, confort ou funcionalidade dos usuarios, tales como estufas, sistemas eléctricos de calefacción e climatización ou redes e equipos de iluminación da superficie da área da estancia autorizada para a instalación da terraza.

16. *Mesa*: moble composto por taboleiro horizontal liso sostido por unha ou varias patas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 17 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

17. *Cadeira*: asento con ou sen respaldo.

18. *Elementos reprodutores de imaxes e sons*: inclúense baixo esta categoría calquera clase de elementos sonoros e audiovisuais destinados ao entretemento dos usuarios da terraza.

Artigo 4 Criterios reitores da utilización do dominio público.

1.- No outorgamento das autorizacións para a ocupación do dominio público harmonizaranse os intereses públicos e privados, atendendo a criterios de compatibilidade entre os aproveitamentos especiais ou usos privativos solicitados e o uso común xeral do dominio público, prevalecendo este último, en caso de conflito, por razóns de interese xeral.

2.- Para eses efectos, teranse en conta os seguintes valores e criterios:

- a) Preferencia do uso común xeral, con especial atención ao tránsito peonil, debendo garantirse que as terrazas non mingüen a accesibilidade de todos os cidadáns aos espazos destinados ao uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade. Dotaranse ademais de medida para a protección da accesibilidade de persoas con diversidade funcional e/ou con mobilidade reducida
- b) Garantía da seguridade viaria.
- c) Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública, en especial contra a contaminación acústica. Para ese efecto, o funcionamento das instalacións deberá respectar os límites de ruído previstos na Ordenanza Municipal Ambiental Reguladora da Emisión e Recepción de Ruídos e Vibracións ou normativa equivalente que lle substitúa.
- d) Preservación da vexetación e da paisaxe urbana e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.
- e) Protección dos dereitos e intereses dos usuarios dos edificios lindeiros.
- f) Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial os de emerxencia.

Artigo 5. Actividades susceptibles de instalar terrazas

1. As terrazas poden autorizarse cando estean vinculadas, como uso asociado, a un establecemento de hostalería e restauración situado nas inmediacións do viario ou espazo de uso público ocupado pola terraza.

2. Así mesmo, poden autorizarse a instalación de terrazas accesorias a locais ou dependencias con actividade de hostalería e restauración como uso asociado a calquera outro uso.

Porén, non se permitirá a instalación de terraza nos establecementos cuxa actividade principal sexan “xogos de sorte, envite ou azar” regulada no apartado II.6 do Anexo do Decreto 124/19 de 05 de setembro de Galicia polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 18 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e establécense determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

#### Artigo 6. Normativa aplicable

As instalacións reguladas nesta ordenanza quedan suxeitas á normativa sectorial que lles sexa de aplicación, polo que as súas determinacións son plenamente esixibles, aínda cando non se faga expresa referencia ás mesmas na presente ordenanza.

### TÍTULO I

#### ELEMENTOS. ACTIVIDADE. DELIMITACIÓN DE ESPAZOS

#### *CAPÍTULO I*

#### *DISPOSICIÓN XERAIS*

#### Artigo 7. Elementos e mobiliario que delimitan e acondicionan a terraza

1.- Os aproveitamentos, de natureza temporal, que son obxecto da presente ordenanza suxeitaranse a algún dos seguintes tipos:

- a) Terraza sen cerramento estable, entendendo por tal a terraza composta por elementos móbiles e desmontables e sen cuberta fixa ou estable. Inclúranse nesta modalidade as instalacións que contén con toldo enrolable á fachada.
- b) Terraza con cerramento estable, entendendo por tal a terraza composta por elementos fixos e móbiles, pero, en todo caso, facilmente desmontables, cerrada no seu perímetro, en todo ou en parte, e/ou cuberta.

2.- As autorizacións que resulten concedidas facultan ao seu titular para a colocación daqueles elementos móbiles que, polo seu carácter auxiliar e complementario á prestación do servizo de hostalería exercido no local principal, contribúan a mellorar as condicións de confort dos usuarios da terraza, sempre e cando a súa instalación se realice no perímetro da superficie de ocupación autorizada e se axuste na súa composición e estética ás determinacións desta ordenanza.

A tales efectos, pódense instalar, con carácter xeral, os seguintes elementos de mobiliario que permiten acondicionar e delimitar as terrazas, cando cumpran as prescricións técnicas reguladas na presente ordenanza:

- a) Mesas.
- b) Cadeiras.
- c) Construcións lixeiras facilmente desmontables.
- d) Tarimas ou cubricións desmontables da beirarrúa.
- e) Toldos non ancorados á fachada.
- f) Antucas móbiles.
- g) Elementos separadores: biombos, paraventos e elementos de xardinería
- h) Elementos auxiliares de apoio.
- i) Elementos industriais móbiles, tales como estufas ou calefactores respectando en todo caso o mercado CE e as esixencias das directivas comunitarias vixentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 19 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3.- Queda prohibida a instalación nas terrazas de calquera elemento de reprodución de imaxe e son, nin outros elementos perturbadores do descanso como futbolíns, máquinas recreativas e de azar, e outros análogos.

Porén, a petición dos interesados, e tras estudo e valoración técnica dos servizos municipais, a Xunta de Goberno Local poderá excepcionalmente autorizar con motivo da celebración de eventos de especial relevancia a colocación de aparellos ou sistemas de reprodución de imaxe e son.

4.- Precisarán dunha autorización demanial expresa, os seguintes supostos:

a) A instalación dos cerramentos estables aos que fai referencia o presente artigo.

b) As terrazas coa instalación de elementos desmontables que resulten ancorados ás fachadas dos inmobles (toldos, elementos separadores, paraventos, e similares).

Artigo 8 Condicións xerais do mobiliario e elementos que conforman a terraza

1.- O mobiliario e as estruturas das terrazas deberán reunir as características precisas para a súa función, e en particular:

a) Serán de material resistente, de fácil limpeza e de boa calidade. Procurarase a utilización de materiais sustentables en termos ecolóxicos.

b) Deberán harmonizar entre si e coa contorna urbana en que se sitúe tanto en cromatismo como en materiais e deseño.

c) Deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade sen que polas súas características, uso previsible, disposición ou modo de instalación, poidan supor un risco para os usuarios da instalación ou para os viandantes nin para os bens públicos ou privados.

2.- Todos os elementos que se instalen ao servizo das terrazas deberán indicarse expresamente na documentación aportada coa solicitude formulada para a súa instalación.

3.- Será necesario a instalación de elementos separadores do mesmo ancho da terraza que permitan identificar o obstáculo a persoas invidentes cando estas sexan autorizadas pegadas a fachada. Os cerramentos laterais presentarán un deseño no que se garanta a permeabilidade das vistas sen que supoñan obstáculo á percepción da cidade.

Artigo 9 Horario de funcionamento.

1.-O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

a) O horario de inicio con carácter xeral será ás 8.00 horas. Non obstante, permítese apilar na rúa (non se autoriza colocar ordenadamente) o mobiliario da terraza desde a apertura do establecemento de hostalería de carácter principal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 20 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

No caso de áreas peonís cun horario habilitado para a realización de labores de carga e descarga, o inicio do horario da instalación virá limitado pola finalización do horario establecido para as devanditas labores, no seu caso.

b) O horario de peche será no periodo comprendido entre o 1 de outubro e 30 de abril:

Os día laborales e festivos as 00:00 horas

En sábados e vísperas de festivos 01:30 horas

c) O horario de peche será no periodo comprendido entre o 1 de maio e 30 de setembro:

Os día laborales e festivos as 02:00 horas

En sábados e vísperas de festivos 02:30 horas

2.- A montaxe do mobiliario da terraza levarase a cabo 20 minutos antes do inicio do horario de funcionamento. A súa desmontaxe iniciárase ao finalizar o horario de peche da terraza.

3.- Porén o anterior, a Xunta do Goberno Local poderá reducir ou ampliar os horarios establecidos no apartado 1 atendendo ás circunstancias de índole socioeconómicas, ambientais ou urbanísticas que puidesen concorrer en cada caso concreto, debidamente motivadas no expediente, con especial atención á existencia das zonas acusticamente saturadas.

## **CAPÍTULO II** **LÍMITES E REQUISITOS XERAIS**

Artigo 10 Limitacións xerais.

1.- O Concello poderá, de maneira suficientemente razoada, denegar a solicitude destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

a) Que afecten de modo grave ao dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio.

b) Que supoña prexuízo grave para a seguridade viaria.

c) Que polas particulares características físicas ou por razón do nivel ou intensidade do tránsito peonil, poida resultar inconveniente desde o punto de vista da seguridade das persoas, da súa mobilidade e accesibilidade.

d) Que poida incidir sobre as condicións de evacuación dos edificios e locais próximos.

e) Que dificulte a intervención de servizos públicos ou privados en caso de emerxencia, tales como bombeiros, ambulancias, etc.

f) Que supoñan unha deterioración do medio urbano ou resulten inadecuadas ou manifestamente discordantes coa súa contorna.

g) Que impida ou dificulte gravemente a visibilidade ou o uso de servizos, equipamentos e mobiliarios urbanos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 21 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

h) Que menoscabe a contemplación e goce de espazos públicos, monumentos ou edificios singulares ou das súas características específicas e relevantes, mesmo aínda que non contén cunha protección especial en virtude da lexislación de patrimonio histórico, ambiental ou urbanística.

i) Calquera outra circunstancia similar de interese público.

2.- Cando aínda concorrendo as circunstancias previstas no número anterior a instalación da terraza resulte autorizable, o Concello deberá establecer na autorización as restricións pertinentes para que a instalación non comporte un detrimento dos valores estéticos, paisaxísticos que en cada caso haxa que preservar, e poderá establecer limitacións específicas relativas á superficie susceptible de ocupación, determinar a disposición da instalación ou o tipo e características de mobiliario ou elementos auxiliares.

En particular, para o caso da potencial afectación ao dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio, estableceranse controis de emisións acústicas mediante sistemas de monitorizado do ruído en continuo, de maneira puntual ou fixa, ou por calquera outro procedemento de medición apropiado, seguidos das medidas correctoras que resulten pertinentes en cada caso.

3.- Poderá autorizarse ou esixirse a instalación de pavimentos flotantes especiais anideslizantes cando resulte conveniente outorgar unha protección especial ao pavimento da vía pública, en atención ás súas características ou localización, ou cando resulte aconsellable a súa colocación para garantir unhas mínimas condicións de confort aos usuarios por mor da pendente da rúa, ou similares razóns de interese público.

#### Artigo 11 Superficie autorizada.

1.- A superficie máxima autorizada conformarase polo perímetro exterior total do conxunto de todos os elementos a instalar dispostos para a prestación de servizo.

2.- A autorización concedida poderá facer referencia a un concreto plano de detalle cando a mesma precise dunha delimitación gráfica en razón ás súas particularidades, e ao que se subordinará a validez e eficacia da autorización.

#### Artigo 12 Sinalización da superficie ocupable.

1.- Se por razóns de seguridade do tránsito peonil ou dos usuarios da terraza, así se entendese necesario, o Concello poderá requirir ao solicitante ou, no seu caso, ó titular da autorización xa concedida, ao establecemento dun sistema de sinalización da superficie de ocupación, á súa costa.

2.- O devandito sistema, que nunca poderá supor un risco para os peóns nin dano ou alteración ao espazo público, deberá practicarse sen ancoraxes fixos ao pavimento.

#### Artigo 13 Desenvolvemento lonxitudinal.

1.- O desenvolvemento lonxitudinal máximo da terraza de cada establecemento, incluídas, no seu caso, as súas proteccións laterais, virá delimitado pola fronte de fachada do local onde se desenvolva a actividade principal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 22 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2.- Excepcionalmente, previo informe dos servizos técnicos, poderase permitir que as instalacións pasen a devandita fronte, a condición de que se cumpran os seguintes requisitos:

a) En todo caso non poderá pasar a fachada do edificio propio e dos dous lindeiros.

b) Cando a colocación lonxitudinal da terraza teña lugar a carón da fachada, requirirase a conformidade das persoas titulares dos dereitos dos locais ou inmobles lindeiros.

Noutro caso, procurarase que os elementos da terraza non impidan a visibilidade da fachada dos establecementos afectados, especialmente cando as mesas non estean ocupadas.

c) No caso de instalacións dispostas xunto ao bordo da beirarrúa e cando existan varios establecementos que opten á instalación de terraza, o espazo repartirase, se procede, de forma proporcional ao aforo dos respectivos establecementos.

#### Artigo 14 Outras condicións xerais.

1.- Procurarase unha integración das terrazas co mobiliario urbano existente, de modo que non dificulten ou impidan a visibilidade e o correcto uso dos elementos que xa se atopan instalados na vía pública.

En casos debidamente xustificadas, e a criterio dos servizos técnicos, poderán desprazarse ou recolocarse determinados elementos de servizos, equipamento e/ou mobiliario urbano, sempre que non supoña dano para o espazo público nin prexuízo para o interese xeral. O custo será asumido polo interesado.

2.- En todo caso, e independentemente do tipo de ocupación de que se trate, deberán deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata polos servizos correspondentes os seguintes elementos: as bocas de rego e hidrantes, os rexistros da rede de sumidoiros, os centros de transformación, así como calquera outro tipo de elemento destinado á prestación de servizos afectos ao interese xeral.

3.- Non poderá colocarse elemento de mobiliario algún que dificulte o acceso a edificios, locais comerciais ou de servizos, zonas reservadas para distintos usuarios tal como a carga e descarga, prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida, saídas de emerxencia, vados ou pasos de vehículos, paradas de transporte público, nin cando oculten, total ou parcialmente, ou dificulten a visibilidade da sinalización de tráfico ou de tipo informativo.

4.- En calquera caso, respectarase unha distancia suficiente entre os elementos da terraza que se pretendan instalar e calquera outro elemento de equipamento ou mobiliario urbano, tales como, farois, bancos, e demais elementos, que garantan a súa función e que permitan os labores de mantemento. En particular, as terrazas terán que manter unha distancia mínima dos alcorques das árbores de 0,2 metros.

5.- Non se autorizará a colocar elemento algún nas ramplas de acceso a pasos de peóns



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 23 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

6.- En ningún caso a instalación de terraza poderá realizarse sobre superficies axardinadas.

7.- Non se autorizarán terrazas que ocupen zonas da calzada.

Porén, cando non exista posibilidade de establecer a terraza na beirarrúa, de forma excepcional e previo estudo técnico, poderase autorizar a instalación da terraza nos espazos de estacionamento de vehículos, sempre e cando no afecte a espazos reservados para estacionamento de discapacitados e zonas reservadas para carga e descarga.

Se a instalación da terraza afectase a prazas da XER (servizo de estacionamento regulado) de forma excepcional podería autorizarse, previo informe técnico do responsable do contrato concesional e atendendo aos pregos das cláusulas que rexen a concesión.

8.- Con carácter xeral, tampouco poderán autorizarse cando o establecemento e a terraza estean separados por unha calzada de rodaxe de vehículos. Exceptúase do réxime xeral establecido neste apartado aquelas terrazas que pretendan instalarse en prazas, parques, rúas peonís ou espazos públicos onde poida coexistir un uso compartido e restrinxido do tránsito peonil e de vehículos. Nestes casos poderá autorizarse ou denegarse a instalación de terraza separada do establecemento por calzada de rodaxe de vehículos en atención ás circunstancias constatadas nos informes técnicos emitidos para o efecto, especialmente no relativo á intensidade do tráfico de vehículos e á valoración dos riscos que a instalación da terraza poida xerar para os viandantes ou o tráfico en xeral.

9.- Con carácter xeral, non se permitirá a instalación de mostradores de atención ao público ou outros elementos para o servizo da terraza, que deberá ser atendida desde o propio establecemento. Excepcionalmente, en terrazas con servizo de restaurante, poderanse permitir elementos auxiliares de apoio, sen ancoraxes ao pavimento, para facilitar o desenvolvemento da actividade, tales como os soportes para a colocación de consumicións ou elementos de información aos consumidores e usuarios (cartas de menús e similares).

10.- Queda prohibida a instalación de mostradores ou vitrinas expositoras, frigoríficos, cociñas, asadores, máquinas expendedoras de produtos, recreativas, de xogos de azar, billares, futbolíns ou calquera outros elementos de características análogas.

11.- A instalación na vía pública de reclamos publicitarios propios do establecemento, tales como atrás, maniqués, testos, anuncios dos produtos á venda, e letreiros de prezos na superficie da vía pública, queda limitada á superficie obxecto de ocupación pola terraza autorizada.

12.- Os toldos, antucas ou parasoles respectarán unha altura mínima de 2,20 metros e non invadirán o espazo de paso peonil nin se estenderán para alén da superficie de terraza autorizada. A súa instalación require que se garantan as necesarias condicións de seguridade e estabilidade dos elementos.

#### Artigo 15 Ancoraxes.

1.- Con carácter xeral, queda prohibida a ancoraxe ao pavimento do seguinte mobiliario da terraza: mesas, cadeiras, antucas, elementos auxiliares de apoio,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 24 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



biombos e separadores, elementos industriais, elementos de xardinería. Porén, permítese a ancoraxe de paraventos facilmente desmontables, mediante o emprego de grapas ou parafusos que non supoñan unha alteración ou destrución do pavimento.

2.- Excepcionalmente, poderase autorizar a instalación doutros elementos ancorados tales como construcións lixeiras facilmente desmontables, toldos, tarimas ou cubricións desmontables da beirarrúa para evitar desniveis ou pendentos ou para a protección do pavimento, e elementos separadores móbiles delimitadores da terraza. A súa autorización quedará condicionada, de se-lo caso, ao depósito dunha fianza en garantía do custo de reposición de bens, servizos, ou espazo público afectados, e cuxo importe será determinado polos servizos técnicos.

#### Artigo 16 Publicidade.

1.- Queda prohibida a instalación de calquera clase de elementos de publicidade estática na instalación das terrazas.

2.- Non se considerará publicidade a inserción do nome comercial ou logotipo do establecemento en cadeiras, mesas, toldos, antucas ou nos biombos, con dimensións discretas e estéticas segundo o establecido no Anexo I

#### Artigo 17. Acometidas.

1.- Unicamente autorizaranse as acometidas eléctricas na vía pública dende o cadro xeral do local cos elementos de seguridade necesarios. Os contratos de servizo para as acometidas de electricidade son de conta do titular da autorización, e deben celebrarse coas compañías subministradoras do servizo.

2.- A instalación no poderá ser aérea nin sobre a beirarrúa, cumprirá as condicións de seguridade previstas na lexislación vixente.

3.- O mantemento destas acometidas en correcto estado de conservación, ornato e funcionamento, é de exclusiva responsabilidade do titular das instalacións a que dean servizo.

### CAPÍTULO III BEIRARRÚAS

#### Artigo 18 Ocupación en beirarrúas.

1.- A instalación da terraza deberá colocarse preferentemente deixando o paso libre xunto á fachada, e unha separación o bordo de 40cm. Por causas xustificadas poderase autorizar situar a terraza xunto a fachada cando o deseño e condicións establecidos previo informe técnico melloren as condicións de mobilidade peonil. A instalación deberá contar, ademais, con elementos de protección que poidan proporcionar a debida seguridade, a criterio dos servizos técnicos.

De situarse xunto á fachada deberá quedar delimitada mediante elementos separadores móbil e desmontable que permitan identificar o obstáculo as persoas invidentes. Non contará como espazo destinado de paso os 40 cm ata o bordo.

Poderán autorizarse a terrazas pegadas a fachadas diante dos pasos de peóns sempre e cando se ga- ranta un paso libre de 1,80 metros. Neste caso, a liña de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 25 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

terraza deberá manter unha distancia mínima de 1 metro en relación aos portais e accesos de todo tipo dos edificios ou fincas estremeiras.

Se a dimensión da beirarrúa permite a montaxe de mais dunha fila de mesas entre cada dous columnas de mesas debe garantirse un espazo de 60 cm para o servizo das mesas, e en todo momento un espazo entre persoas sentadas de 50cm para comodidade dos clientes .

2.- Poderán autorizarse disposicións distintas cando o solicite o interesado e/ou existan razóns especiais que así o aconsellen, as cales deberán ser valoradas en cada caso polos servizos técnicos.

Nestes casos só se autorizará a instalación, cando poida situarse a curta distancia do establecemento principal do que dependa, exista un fácil tránsito entre a mesma e o local e a súa dependencia deste último resulte facilmente recoñecible por calquera usuario da instalación.

3.- A ocupación da beirarrúa establecerase en proporción ao ancho total da mesma menos 40cm, garantíndose sempre un itinerario peonil mínimo libre respecto a fachada modulado segundo os seguintes anchos de beirarrúa:

- a) Beirarrúas entre 2,50<4,50m manterase un itinerario peonil libre de 1,50m. A Anchura da terraza será ata 60cm e non maior de 260cm, nunha soa fila.
- b) Beirarrúas entre 4,50<6,00 manterase un itinerario peonil libre de 2,00m a anchura da terraza será ata 210cm e non maior de 360cm, é posible a formacións de dous filas de mesas garántese o paso de 2,00m
- c) Beirarrúas maiores de 6,00 manterase un itinerario peonil libre de 2,50m, é posible a formacións de dous filas de mesas garántese o paso de 2,50m, sen exceder do 60% da ocupación do ancho da beirarrúa.
- d) A formación de mais de dous filas terá que dispor de estudo previo polos servizos técnicos.

4.- Previo informe favorable dos servizos técnicos, esta modulación poderá alterarse cando a sección da beirarrúa, independentemente do seu ancho, conte con elementos de mobiliario urbano xunto o bordo da mesma, como xardineiras ou farolas que xa diminúan o ancho libre de paso, podendo dese modo aproveitar o espazo entre estes elementos sen superar en ningún momento o ancho ocupado por eles, montando mesas e cadeiras conformando unha fila de mesas de dous cadeiras a maiores da autorizada.

5.- O ancho mínimo das beirarrúas, sobre as que se permite a instalación de terrazas será de 2,50 metros, medidos desde a aliñación do local á cara exterior do bordo da beirarrúa.

Excepcionalmente, e atendendo á intensidade do tránsito peonil da vía, poderán autorizarse, en beirarrúas de 2,30 metros de anchura mínima, terrazas formadas unicamente por mesas, cadeiras, antucas e paraventos de dimensións reducidas, debéndose garantir o cumprimento do itinerario peonil mínimo libre de 1,50 m.

#### CAPÍTULO IV ÁREAS PEONÍS, PRAZAS E ESPAZOS LIBRES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 26 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Artigo 19 Rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables.

1.- Con carácter xeral, o mobiliario, instalacións e a súa disposición nas rúas peonís, prazas e espazos asimilables resolveranse atendendo ás circunstancias particulares de cada espazo físicas (xeometrías), urbanísticas (intensidade de uso residencial, comercial, protección de intereses histórico-artísticos e culturais) e medioambientais.

2.- Aos efectos do disposto no número anterior, as rúas, prazas e espazos libres e os seus elementos deberán ser seleccionados e sometidos a proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno Local a proposta da concellería delegada con competencia en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, con audiencia das demais concellerías que resulten competentes en cada caso.

3.- A superficie de ocupación total establecerase, en cada caso, atendendo ao uso principal a que estea destinada áreas peonís e prazas, así como á súa xeometría e características concretas. En todo caso, sempre se garantirá a existencia dun itinerario peonil libre de obstáculos cunha anchura mínima de tres (3,00) metros en cada aliñación de fachada e/ou un central segundo as condicións do mobiliario urbano existente, de forma que se permita o paso de vehículos de emerxencias e outros vehículos autorizados.

Artigo 20 Zonas de soportais.

1.- Permítese a instalación de terrazas no interior dos soportais sempre que se garanta a existencia de itinerarios peonís accesibles coas condicións que se establezan polos servizos técnicos e, en todo caso, garantindo un itinerario peonil libre mínimo 1,50 metros, considerándose como anchura total do soportal a existente desde a fachada á cara interior dos alicerces.

En ningún caso poderase cerrar o itinerario con biombos, separadores ou mobiliario similar, ao obxecto de respectar o dereito de paso.

2.- Igualmente poderanse encostar as terrazas á liña exterior dos soportais cumprindo, nese caso, as condicións xerais do espazo en que se sitúe.

3.- Prohíbense, en todo caso, a instalación de terrazas con cerramentos estables.

## CAPÍTULO V

### CERRAMENTOS LIXEIROS

Artigo 21 Terrazas con cerramentos lixeiros facilmente desmontables.

1.- Dado o seu carácter singular, unicamente poderán autorizarse este tipo de cerramentos naquelas beirarrúas dun mínimo de catro metros (4m), garantindo sempre un mínimo do 50 por cento de ancho libre para o tránsito peonil.

2.- Estas instalacións, polo seu carácter provisional, deberán ser facilmente desmontables e deberán procurarse solucións homoxéneas.

3.- Nas fachadas de edificios catalogados non poderán realizarse ancoraxes para a instalación de cerramentos, toldos, maquinaria, adornos nin mobiliario ou calquera outro elemento de cubrición ou delimitación dos espazos destinados a terraza.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 27 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4.- A instalación de terrazas con elementos lixeiros no contorno de edificios catalogados requirirá informe previo da autoridade competente para a súa protección.

## TÍTULO II RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO CAPÍTULO I AUTORIZACIÓNS

Artigo 22 Normas xerais.

1.- A instalación de terrazas queda suxeito ao réxime de intervención administrativa establecido no Capítulo III do Título III da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia

2.- Cando, en cumprimento de normativa específica, a actividade de terraza implique a necesidade de informes sectoriais preceptivos, incluídos os de patrimonio cultural, deberán estes achegarse coa solicitude de establecemento da mesma.

3.- Os titulares da autorización deberán permitir en calquera momento, as reparacións de bocas de rego, tapas e rexistro doutras instalacións ou servizos que se atopen na superficie de ocupación da terraza, sen que se xere dereito a indemnización.

4.- As autorizacións obxecto da presente ordenanza non poderán ser obxecto en ningún caso de arrendamento ou cesión independente para a súa explotación, e só serán transmisibles conxuntamente cos títulos habitantes da actividade dos establecementos aos que estean vinculadas.

5.- As autorizacións sempre se entenderán outorgadas salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

## CAPÍTULO II SOLICITUDES

Artigo 23 Solicitude de autorización e documentación adxunta.

1.- Na solicitude, ademais do indicado no art. 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, farase constar:

a) Nome ou razón social do interesado e, no seu caso, nome comercial e dirección do establecemento hostaleiro ao que vai asociada a terraza.

b) Especificación de si a instalación que se pretende sitúase en espazo de dominio público ou privado de uso público, así como o tipo de instalación de terraza que pretende.

c) Período de tempo de ocupación solicitado. No caso de que non se faga constar, entenderase que o período de funcionamento será indefinido ata que o autorizado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 28 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

comunique a administración o cese da actividade do establecemento e/o instalación da terraza.

2.- Con carácter xeral, as solicitudes que se presenten deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do documento nacional de identidade do interesado si é persoa física ou do número de identificación fiscal si é persoa xurídica.
- b) Fotocopia do título administrativo que habilite a apertura e funcionamento do establecemento solicitante ou declaración xurada manifestando que o establecemento dispón del título urbanístico en vigor para o desenrolo da actividade.
- c) Deberá indicarse a superficie a ocupar expresada en metros cadrados, definindo os elementos de mobiliario a instalar.
- d) Documentación fotográfica da fachada do establecemento e do espazo exterior en que se pretenda situar a terraza.
- e) Plano de situación ou emprazamento do establecemento (cartografía municipal).
- f) Plano de distribución en planta da terraza (preferentemente a escala 1:50 ó 1:100) no que se reflicta:
  - 1.º A fronte da fachada do establecemento e acceso/s ao mesmo.
  - 2.º Elementos de mobiliario que se pretendan instalar colocados en disposición de servizo ao usuario.
  - 3.º A superficie total a ocupar polos elementos que compoñen a terraza
  - 4.º A xeometría completa da beirarrúa, rúa ou espazo público.
  - 5.º Franxas de itinerario peonil libre.
  - 6.º Localización de calquera elemento situado na área de influencia da ocupación e que sexa preciso contemplar á hora de garantir o espazo libre necesario para compatibilizar o resto de usos do espazo público, con indicación da distancia existente entre a terraza e devanditos elementos (pasos de peóns coas súas ramplas de acceso e bandas de identificación, elementos de sinalización, e mobiliario e/ou urbano, accesos de inmobles lindeiros, saídas de emerxencia, vaos, rexistros e arquetas de servizos, paradas de transporte público, árbores e alcorques, zonas axardinadas, etc.).
- h) No caso de que a actividade de terraza implique a ocupación do dominio público doutra Administración ou ente público, achegarse autorización expresa do titular do dominio.
- i) Acreditación documental da conformidade dos titulares dos inmobles ou locais lindeiros no suposto establecido no art 13.2 letra b).
- k) A documentación específica que, no seu caso, se esixa nos anexos desta ordenanza para determinadas instalacións (tarimas, instalación eléctricas, calefactores, etc.) .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 29 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3.- Nas terrazas con estruturas lixeiras facilmente desmontables, deberá presentarse a seguinte documentación:

a) memoria técnica, asinado por técnico competente e que contará, en todo caso, coa seguinte documentación:

a.1.) Memoria, na que se incluírá, ademais do indicado no apartado 2.c) deste artigo, unha descrición pormenorizada das características da instalación da terraza e na que se acreditará expresamente o carácter desmontable

a.2.) Planos: ademais dos indicados no apartado 2º letras e) e f) deste artigo, incluíranse tantos planos como sexan necesarios para a definición, en detalle, dos elementos que se pretendan instalar, debéndose incluír neles, cando menos, os seguintes datos: (i) planta dos elementos de cubrición superior, no seu caso (no que se reflectan pendentes, puntos de recollida de augas, etc), (ii) Alzados (laterais, frontal e posterior) e seccións, (iii) estruturas, nos que se reflectirá, especificamente, o sistema de suxeición ou apoio, no seu caso (iv) as instalacións, no seu caso.

a.3.) Anexo de cálculo da estrutura, cuxo contido será o establecido na normativa vixente de aplicación. Neste documento incluíranse as esixencias relativas á capacidade portante, aptitude ao servizo, accións e combinacións consideradas, coeficientes de seguridade, comprobación dos estados límites e de estabilidade (pandeo), seguridade fronte ao envorco, deslizamiento e levantamento.

a.4.) Xustificación acerca da adecuación da instalación pretendida á vixente en materia de prevención e extinción de incendios, evacuación, estabilidade e clasificación de produtos en función das súas propiedades de reacción e resistencia ao lume.

Así mesmo, indícarase expresamente, no seu caso, que as instalacións (tales como electricidade, climatización, iluminación, etc.) proxéctanse conforme a normativa vixente.

b) Documento acreditativo da designación da persoa que asumirá a responsabilidade técnica da execución do proxecto e a emisión do certificado final de montaxe.

### CAPÍTULO III PROCEDEMENTO

#### Artigo 24 Tramitación.

1. A solicitude poderá presentarse, xunto coa documentación prevista na presente ordenanza, no Rexistro de entrada do Concello de Vigo ou por calquera dos medios legalmente previstos na lexislación reguladora do Procedemento Administrativo Común.

2. O servizo municipal competente para a tramitación do expediente examinará a solicitude e a documentación aportada e, de se-lo caso, requirirá ao interesado para que no prazo de dez días emende a falta ou acompañe a documentación preceptiva, con indicación de que se non o fixera, teráselle por desistido da súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 30 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

petición, nos termos previstos na lexislación reguladora Procedemento Administrativo Común.

3. Aos efectos do cómputo dos prazos de tramitación, considerarase iniciado o expediente na data de entrada da documentación completa esixida nesta ordenanza.

4. Unha vez resultase informada favorablemente a solicitude polos servizos técnicos municipais, o petionario da autorización será requirido ao obxecto de que aporte, con carácter previo á emisión da correspondente autorización, a seguinte documentación:

(a) Documento de autoliquidación das taxas municipais por ocupación do dominio público.

(b) Cando a instalación dos elementos que delimitan ou acondicionan a terraza se realice mediante sistemas de suxeición que impliquen manipulación do pavimento, documento acreditativo do depósito, na Tesourería Municipal, da garantía que permita cubrir os custos de reparación da beirarrúa, calzada e equipamentos municipais ao seu estado orixinal ou a execución substitutiva daquelas actuacións que resulten necesarias para corrixir vicios ou defectos na instalación da terraza.

5. A resolución do órgano competente producirase nun prazo non superior a tres meses no caso de terrazas con cerramentos estables e dun mes nos restantes casos, contados na forma establecida no art. 21.3 letra b) da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa, lexitima ao interesado ou interesados para entendela desestimada por silencio administrativo.

6. Porén, no caso de que a autorización comporte a instalación dunha estrutura cerrada estable do art. 7.1 letra b), condicionarase na súa eficacia, en todo caso, a que no prazo de quince días a contar desde a finalización das obras de montaxe da estrutura o interesado achegue certificado final da instalación, asinado por técnico competente, onde se xustifique que as obras executadas se axustan á licenza outorgada e cumpren coas condicións establecidas na presente ordenanza.

7. As autorizacións de ocupación reguladas na presente ordenanza poderán ser modificadas, suspendidas temporalmente ou revogadas en calquera momento polo Concello de Vigo por acreditadas razóns de interese público, atendendo especialmente as circunstancias previstas no artigo 10.1.

#### Artigo 25 Contido da autorización

As autorizacións de terrazas que se concedan deben ter, en todo caso, o seguinte contido:

- Identificación do titular e da localización do establecemento principal.
- Situación e superficie en metros cadrados da instalación.
- Mobiliario autorizado e, no seu caso os elementos que a delimitan ou acondicionan.
- Período e horario de funcionamento da instalación.
- Os demais contidos que resulten pertinentes respecto ao artigo 10.2 desta ordenanza



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 31 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### Artigo 26 Cambio de titularidade da autorización

- 1.- O cambio de titularidade realízase conxuntamente co da licenza do establecemento principal, salvo renuncia expresa do novo titular, que deberá comunicalo ao órgano competente.
- 2.- A falta de comunicación da renuncia determinará que o novo titular quede subrogado en todas as obrigacións que se deriven da autorización concedida.
- 3.- A autorización para instalar a terraza non pode ser obxecto de calquera forma de cesión a terceiros independente do establecemento principal.

### Artigo 27 Renovación das autorizacións.

1. As autorizacións de terrazas terán a duración que resulte da liquidación da correspondente taxa.
2. Cando consonte á presente ordenanza e as fiscais que resulten de aplicación a actividade de terraza non estea suxeito á taxa, as autorizacións terán unha duración coincidente co ano natural, calquera que sexa a data da solicitude.
3. Ás autorizacións prorrogaranse de xeito automático, condicionada á liquidación da taxa que corresponda e ao mantemento das circunstancias que deron lugar ao outorgamento daquela, e sen prexuízo do exercicio das potestades de policía do dominio público e de espectáculos públicos e actividades recreativas que corresponde ao concello.

### CAPÍTULO IV

### DEBERES DO TITULAR DA AUTORIZACIÓN

### Artigo 28.- Obrigas

O titular da autorización da terraza debe cumprir as seguintes obrigacións:

- a) Instalar a terraza nos termos e condicións dispostos na autorización outorgada, respectando os horarios autorizados, as distancias establecidas nesta ordenanza, e a normativa aplicable en materia de rúidos.
- b) Facilitar o acceso público á autorización para a instalación da terraza no establecemento principal, preferentemente por medios electrónicos cando así o permita o sistema de tramitación do concello.
- c) Ter en todo momento, a disposición dos servizos técnicos e, de ser o caso, da Policía Local, o título habilitante para o exercicio da actividade, preferentemente por medios electrónicos cando así o permita o sistema de tramitación do concello.
- d) Comunicar, no seu caso, ao Concello de Vigo, calquera cambio de titularidade na autorización.
- e) Manter a instalación e o espazo ocupado nas debidas condicións de limpeza, hixiene, seguridade e ornato público. Para ese efecto, deberá dispoñerse dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento de residuos, de acordo co disposto na normativa que resulte de aplicación.
- f) Non almacenar produtos ou materiais xunto á terraza, así como residuos propios da instalación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 32 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- g) Proceder salvo autorización expresa ao contrario, á retirada do mobiliario á finalización do horario de funcionamento do establecemento, e deixando o espazo ocupado pola terraza en perfectas condicións de limpeza.
- h) Adoptar as medidas, e precaucións necesarias durante a montaxe e desmonte do mobiliario para reducir ao mínimo a contaminación acústica e o deterioro do dominio público derivada de impactos, arrastres, desprazamentos, trepidación ou outros de similar natureza.
- i) Repoñer a vía pública ao seu estado orixinal, no seu caso, unha vez finalice a vixencia da autorización, tanto por transcurso do prazo, como por extinción, revogación ou renuncia, e asumir os gastos que diso derívense.
- j) Asumir os gastos orixinados como consecuencia da retirada ou traslado dun elemento de mobiliario urbano que poida entorpecer a instalación da terraza.
- k) Velar para que os usuarios non alteren a orde nin realicen actividades ruidosas que xeren molestias aos veciños ou aos demais usuarios de espazo público.
- l) Adoptar as previsións necesarias para que os usuarios da terraza non excedan os límites do espazo autorizado.
- m) Fora do horario autorizado para a terraza, o titular da autorización virá obrigado a recollela nas debidas condicións de ornato e hixiene, quedando prohibido amontoar na rúa as cadeiras e mesas. As labores de apertura e peche realizaranse co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da veciñanza.
- n) Non utilizar elementos del dominio público como soporte para colocar, ancorar ou de calquera modo suxeitar os elementos da terraza.
- m)

## **CAPÍTULO V** **EXTINCIÓN, MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN**

### **Artigo 29 Extinción da autorización.**

Son causa de extinción das autorizacións reguladas na presente ordenanza as seguintes:

- a) A extinción do propio título habilitante da actividade principal.
- b) Caducidade.
- c) Revogación da autorización.
- d) Por renuncia do seu titular.

### **Artigo 30 Revogación da autorización.**

A autorización poderá revogarse nos seguintes supostos:

- a) por se teren modificado substancialmente ou teren desaparecido as circunstancias que determinaron o outorgamento, ou teren sobrevido outras que, no caso de teren existido, terían comportado a súa denegación.
- b) por incumprimento grave do seu titular dos requisitos ou condicións en virtude dos cales foi outorgada a autorización.
- c) por sanción.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 33 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

d) por falta de adaptacións aos novos requirimentos establecidos polas normas dentro dos prazos previstos con esta finalidade.

#### Artigo 31 Caducidade.

A non realización da actividade para a cal foi concedida a autorización durante un período ininterrompido dun ano facultará ao Concello para declarar a caducidade.

#### Artigo 32 Modificación ou suspensión temporal da autorización

As autorizacións de terrazas poderán modificarse ou suspenderse temporalmente polo tempo estritamente imprescindible, nos seguintes casos:

- A solicitude do titular da autorización, que deberá acompañar a documentación descritiva dos cambios que solicita.
- De oficio polo Concello de Vigo cando concorran circunstancias que xustifiquen un cambio de criterio respecto das condicións consideradas no seu outorgamento,
- Cando o aconsellen calquera outras circunstancias de interese xeral debidamente apreciadas polos servizos técnicos municipais.

1.

### TÍTULO III

### RÉXIME SANCIONADOR

#### CAPÍTULO I

#### INFRACCIÓNS

#### Artigo 33 Infraccións.

- As accións u omisións contrarias a esta lei terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos términos previstos na mesma
- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

#### Artigo 34 Infraccións leves

Son infraccións leves:

- O incumprimento dos deberes impostos nos apartados b) e c) do artigo 28.
- O almacenamento de produtos, envases ou residuos na zona da terraza ou en calquera outro espazo da vía pública sen a preceptiva autorización municipal.
- A instalación de publicidade nos elementos instalados na terraza contravindo as determinacións desta ordenanza.
- O ancoraxe ou suxeición do mobiliario de terraza a elementos de urbanización, elementos vexetais ou mobiliario urbano.
- A instalación de elementos ou mobiliario de terraza non previstos na autorización ou en maior número dos autorizados, sempre e cando resulte legalizable a súa instalación.
- A falta de presentación do documento de autorización da terraza aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.
- O incumprimento da obriga de retirar o mobiliario ao finalizar o horario de funcionamento,
- Calquera incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza que non teña a cualificación de infracción grave ou moi grave.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 34 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

l) O incumprimento das preceptivas condicións de limpeza, hixiénico sanitarias da terraza

k) Incumprir o horario de funcionamento da terraza establecido no artigo 9 da presente ordenanza tanto no inicio como no peche da mesma, superando ata 30 minutos o horario permitido

#### Artigo 35 Infraccións graves Son infraccións graves

O control financeiro de subvencións exercerase, mediante técnicas de mostraxe, respecto de beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras por razón das subvencións concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia Municipal de Urbanismo durante o exercicio 2020.

O control financeiro de subvencións terá como obxecto verificar:

- a) A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.
- b) O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das súas obrigacións na xestión e aplicación da subvención.
- c) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras.
- d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios e entidades colaboradoras, foron financiadas coa subvención.
- e) O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.
- f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

Tendo en conta as diferentes liñas de subvencións convocadas polas diferentes áreas de goberno do Concello de Vigo, así como a súa importancia relativa no conxunto dos gastos desta natureza, as actuacións de control realizaranse sobre unha mostraxe das subvencións concedidas seleccionadas conforme aos seguintes criterios:

1. No xestor de expedientes selecciónanse os expedientes tipo SUBCCC (Subvencións concorrencia competitiva) tramitados polas diferentes áreas xestoras.
2. Seleccionarase unha liña ou convocatoria por cada Área de Goberno xestora de subvencións, procurando seleccionar convocatorias de forma rotatoria dentro de cada Área de Goberno, de modo que non se repita o control da mesma liña en anos sucesivos. A estes efectos seleccionaranse preferentemente aquelas convocatorias que non foran obxecto de control financeiro nos dous exercicios precedentes.
3. Para cada liña seleccionada determínase o importe medio da subvención calculado como o resultado de dividir o importe total da convocatoria entre o número de beneficiarios.
4. Tendo en conta o importe medio determínase o tamaño orientativo da mostra conforme á seguinte escala:

Importe medio	% mostra
Inferior a 2.500,00 €	10,00 %
Entre 2.500,00 € e 20.000,00 €	20,00 %
Entre 20.000,01 € e 50.000,00 €	50,00 %



Máis de 50.000,00 €	100,00 %
---------------------	----------

Así resulta:

Área xestora	Liñas 2020	Importe convocatoria (gasto autorizado)	Importe concedido	Beneficiarios	Importe medio	Tamaño mostra	% mostra
Desenvolvemento local e emprego	Axudas municipais á contratación 2020	100.000,00	100.000,00	40	2.500,00	8	20,00 %
Desenvolvemento local e emprego	Axudas municipais á creación de empresas 2020	70.000,00	70.000,00	38	1.842,11	4	10,53 %
Deportes	Subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á súa actividade deportiva da tempada 2019-2020	925.000,00	848.147,82	185	4.584,58	30	16,22 %
Urbanismo	Axudas para a instalación de ascensores, mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios residenciais colectivos	50.000,00	17.000,00	9	1.888,89	4	44,44 %

A realización destes traballos será contratada a firmas privadas de auditoría.

### C. Control financeiro posterior dos contratos menores celebrados polo Concello de Vigo no ano 2020.

O control permanente inclúe, entre outras actuacións, verificar o cumprimento da normativa e procedementos aplicables aos aspectos da xestión económica aos que non se estende a función interventora, mediante a aplicación de procedementos de análise das operacións ou actuacións seleccionadas para o efecto, que permitan obter unha evidencia suficiente, pertinente e válida. Para estes efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría.

Polo tanto, o control permanente dos contratos menores realizarase a comprobación dos seguintes extremos:

- 1. Que o obxecto do contrato está perfectamente definido, de maneira que permita a comprobación do exacto cumprimento das obrigacións por parte do contratista, e que o contrato atópase adecuadamente cualificado como contrato de obras, servizos ou subministracións conforme á natureza das prestacións que constitúen o seu obxecto.
- 2. Que o valor estimado do contrato é inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministracións ou de servizos, e que o método empregado para calcular o valor estimado é o previsto na Lei de Contratos vixente.
- 3. Que no expediente consta o correspondente documento contable acreditativo da existencia de crédito "AD" asinado polo servizo de contabilidade, e que a aplicación orzamentaria é adecuada a natureza do gasto realizado.
- 4. Que no expediente consta resolución do órgano competente aprobando o gasto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 54 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- ⌘ Que se achega a factura correspondente de acordo co previsto no Real Decreto polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na normativa sobre factura electrónica, e que a mesma atópase dilixenciada de conformidade polo servizo xestor.
- ⌘ Cando se trate de gastos con financiamento afectado, que os recursos que os financian son executivos e que se acredita a súa efectividade coa existencia de documentos fidedignos.
- ⌘ Que no expediente existe informe xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato, e que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.
- ⌘ No contrato menor de obras que no expediente consta o orzamento das obras, así como o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran, e informe das oficinas ou unidades de supervisión cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- ⌘ Nos contratos de servizos, que se xustifica no expediente a carencia de medios suficientes para a prestación do servizo pola propia Administración polos seus propios medios.
- ⌘ Que a duración do contrato non excede dun ano, nin foi obxecto de prórroga.
- ⌘ Que o empresario adxudicatario ten capacidade de obrar e conta coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- ⌘ Que non se fraccionou o obxecto ou a duración do contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.
- ⌘ Que o contrato menor non se empregou como medio de satisfacer necesidades recorrentes, repetitivas ou periódicas da Administración que, pola súa contía, deberon licitarse mediante outros procedementos de adxudicación.

## V.2. AUDITORÍA PÚBLICA.

No ano 2021 realizaranse as auditorías das contas do ano 2020 e as auditorías de cumprimento da Fundación Vigo Convention Bureau e da Fundación Vigo en Deporte.

## V.3. OUTRAS ACTUACIÓNS.

Ademais, para o completo control da actividade económico financeira da Entidade, este Plan Anual inclúe os seguintes controis complementarios, que ou ben por imperativo legal ou polas necesidades propias da entidade riscos considerouse necesario incluír por esta Intervención:

**Auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas**, inclúese a obrigación imposta polo artigo 12.3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, de realizar unha auditoría de sistemas anual para comprobar que os rexistros contables de facturas cumpren coas condicións previstas en devandita norma. En relación ao alcance desta auditoría, cabe destacar que se trata dunha auditoría de sistemas encamiñada exclusivamente á validación dos sistemas de información que xestionan



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 55 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

os rexistros contables de facturas, sen existir ningunha conexión entre esta auditoría con outros posibles controis englobados en auditorías operativas que verifiquen a veracidade e consistencia de expedientes.

**Auditoría da conta 413** no exercicio 2020 e a súa correlación co rexistro de facturas, por aplicación da disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Durante o presente exercicio, e dada a limitación nos recursos dispoñibles, non se prevé a realización de auditorías operativas ou doutra natureza.

## **VI. EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA.**

As actuacións de auditoría pública someteranse ás normas de auditoría do sector público aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado e ás normas técnicas que as desenvolvan, en particular, nos aspectos relativos á execución do traballo, elaboración, contido e presentación dos informes, e colaboración doutros auditores, así como aqueloutros aspectos que se consideren necesarios para asegurar a calidade e homoxeneidade dos traballos de auditoría pública.

O órgano interventor comunicará por escrito o inicio das actuacións ao titular do servizo, órgano, organismo ou entidade auditada. Cando os traballos de auditoría inclúan actuacións a desenvolver dentro do ámbito de actuación doutro órgano de control, comunicarse o inicio das actuacións ao titular do devandito órgano de control.

Así mesmo, naqueles casos en que sexa necesario realizar actuacións noutros servizos, órganos, organismos ou entidades públicas distintas dos que son obxecto da auditoría, comunicarse ao titular do devandito servizo, órgano, organismo ou entidade.

Para a aplicación dos procedementos de auditoría poderán desenvolverse as seguintes actuacións:

- IV. Examinar cuantos documentos e antecedentes de calquera clase afecten directa ou indirectamente á xestión económico financeira do órgano, organismo ou ente auditado.
- V. Requirir canta información e documentación considérese necesaria para o exercicio da auditoría.
- VI. Solicitar a información fiscal e a información de Seguridade Social dos órganos, organismos e entidades públicas que se considere relevante para os efectos da realización da auditoría.
- VII. Solicitar dos terceiros relacionados co servizo, órgano, organismo ou entidade auditada información sobre operacións realizadas polo mesmo, sobre os saldos contables xerados por estas e sobre os custos, cando estea previsto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 56 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



expresamente no contrato o acceso da administración aos mesmos ou exista un acordo respecto diso co terceiro. As solicitudes efectuaranse a través da entidade auditada salvo que o órgano de control considere que existen razóns que aconsellan a solicitude directa de información.

- VIII. Verificar a seguridade e fiabilidade dos sistemas informáticos que soportan a información económico-financeira e contable.
- IX. Efectuar as comprobacións materiais de calquera clase de activos dos entes auditados, a cuxo fin os auditores terán libre acceso aos mesmos.
- X. Solicitar os asesoramentos e ditames xurídicos e técnicos que sexan necesarios.
- XI. Cantas outras actuacións considérense necesarias para obter evidencia na que soportar as conclusións.

---

## VII. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA.

---

Ata que se cree e dote cos medios necesarios e suficientes o Servizo de Control Financeiro da Intervención Xeral Municipal, a Entidade Local deberá contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor.

Os auditores serán contratados por un prazo máximo de dous anos, prorrogable nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público, non podendo superarse os oito anos de realización de traballos sobre unha mesma entidade a través de contratacións sucesivas, incluídas as súas correspondentes prórrogas, nin podendo aos devanditos efectos ser contratados para a realización de traballos sobre unha mesma entidade ata transcorridos dous anos desde a finalización do período de oito.

---

## VIII. DO RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO.

---

O resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

---

## IX. DESTINATARIOS DOS INFORMES.

---

Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 57 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A información contable das entidades do sector público local e, no seu caso, os informes de auditoría de contas anuais, deberán publicarse nas sedes electrónicas corporativas.

Esta mesma información deberá remitirse á Intervención Xeral da Administración do Estado, para a súa integración no rexistro de contas anuais do sector público regulado no artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, de conformidade coas instrucións que se diten respecto diso.

O interventor xeral municipal  
Asdo. Alberto Escariz Couso

## ANEXO I. ANÁLISE DE RISCOS

### Identificación e valoración dos riscos.

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión económica sometida a control interno, pero á que non se estende a función interventora, susceptibles de xerar (artigo 31 RDCI):

Incumprimentos da normativa aplicable (L),  
Falta de fiabilidade da información financeira (F),  
Inadecuada protección dos activos (A) ou,  
Falta de eficacia e eficiencia na xestión (X).

Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións para realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financieiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

A categorización dos riscos mídese segundo a súa probabilidade de que acontezan e o impacto potencial que se deduce. Para cada un dos factores asignouse unha puntuación: a máis alta (5 puntos) significa un risco severo ou unha probabilidade case certa; a máis baixa (1 punto), comporta un risco insignificante e unha probabilidade moi baixa. Deste xeito, a puntuación do risco obtense como resultado de multiplicar a probabilidade polo impacto.

#### Importancia dos riscos potenciais (probabilidade x impacto)

IMPACTO	Puntos	PROBABILIDADE				
		Mínima	Improbable	Posible	Bastante probable	Certa
Puntos		1	2	3	4	5



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 58 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

<b>Severo</b>	<b>5</b>	5	10	15	20	25
<b>Importante</b>	<b>4</b>	4	8	12	16	20
<b>Medio</b>	<b>3</b>	3	6	9	12	15
<b>Reducido</b>	<b>2</b>	2	4	6	8	10
<b>Insignificante</b>	<b>1</b>	1	2	3	4	5

Durante o exercicio 2021, o Concello de Vigo non acordou o establecemento dun réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa para ningún tipo de gasto, aplicándose o réxime xeral de fiscalización e intervención previa para a totalidade dos gastos e obrigacións, o que supón un límite importante no ámbito do exercicio do control financeiro permanente, na medida na que, conforme ao disposto no artigo 13.4 do RDCI, as obrigacións ou gastos sometidos á fiscalización e intervención limitada previa serán obxecto doutra plena con posterioridade no marco das actuacións do control financeiro que se planifiquen.

Área	Tipo de risco	Descrición do risco	Impacto	Probabilidade	Valoración	Tipo de actuación (1)
<b>Contratación</b>	L, A, X	Existencia de expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa	Severo	Improbable	10	a, e
	L, X	Xestión administrativa e orzamentaria inadecuada. Existencia de expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos ou convalidación do gasto realizado	Severo	Mínima	5	e
	L, X	<b>Uso inadecuado ou excesivo dos contratos menores, non sometidos a fiscalización previa. Falta de planificación na contratación</b>	<b>Importante</b>	<b>Posible</b>	<b>12</b>	<b>a, e</b>
	L, A	Incorrecta execución das prestacións contempladas no contrato como melloras ofertadas polo contratista	Severo	Improbable	10	a, e
	X	Baixa execución orzamentaria dos investimentos (capítulo VI do estado de gastos)	Importante	Posible	12	b, e
	A, X	Ausencia de control dos gastos de material non inventariable	Reducido	Posible	6	e
<b>Tesourería</b>	F, X	Xestión inadecuada da tesourería. Operacións de tesourería que encobren necesidades de financiamento a longo prazo	Importante	Mínima	4	c
	A, X	Xestión da tesourería. Riscos derivados da existencia de caixas de efectivo ou transaccións numerosas ou importantes	Importante	Mínima	4	c
	L, A	Existencia de pagos a terceiros sen a autorización conxunta do ordenador de pagos, o interventor e o tesoreiro.	Severo	Mínima	5	c
	L, A, X	Existencia de fondos municipais situados en contas correntes de titularidade non municipal.	Severo	Improbable	10	c
<b>Contabilidade</b>	L, F	Dotación inadecuada ou insuficiente aos saldos de dubidoso cobro aos efectos de cuantificar o RTGX	Severo	Mínima	5	e, f
	F	Elevado importe ou antigüidade de partidas pendentes de aplicación. Importe aparentemente excesivo de debedores e acredores por operacións non orzamentarias	Importante	Improbable	8	f
	F, X	Análise da conta 413 e conciliación co rexistro de facturas	Severo	Improbable	10	b, d, e, f
<b>Personal</b>	L	Permisos concedidos aos empregados públicos	Medio	Posible	9	a, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 59 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	L	Situacións administrativas dos empregados públicos	Medio	Improbable	6	a, e
	L, X	Sistemas de provisión dos postos de traballo	Medio	Bastante probable	12	a, e
<b>Tesourería</b>	L, X	Gastos menores de 3.005,06 satisfeitos a través de ACF ou sistemas de pago equivalentes	Medio	Improbable	6	e
<b>Subvencións</b>	L, X	Inexistencia ou incumprimento do Plan Estratégico de Subvencións	Medio	Bastante probable	12	a, b, e
	L, X	<b>Inadecuada obtención e xustificación de subvencións e axudas públicas, ou incumprimento das obrigas na xestión e aplicación das subvencións</b>	<b>Severo</b>	<b>Posible</b>	<b>15</b>	<b>d, e</b>
	L, A, X	Falta de tramitación de los expedientes de reintegro	importante	Improbable	8	a, d, e
<b>Sistemas</b>	F	Controles inadecuados ou insuficientes sobre acceso aos sistemas de información, bases de datos e/ou rexistro das operacións	o Importante	Improbable	8	e
	F	Falta de integración da infraestrutura informática. Incoherencias entre a información procedente de diferentes sistemas	Importante	Posible	12	e
	F, X	Posibles erros nos automatismos entre as aplicacións de recadación e contabilidade	Importante	Improbable	8	f
<b>Ingresos</b>	L	<b>Control posterior de dereitos e ingresos: Impostos Municipais Directos e Indirectos</b>	<b>Severo</b>	<b>Posible</b>	<b>15</b>	<b>a, f</b>
	L	<b>Control posterior de dereitos e ingresos: Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos</b>	<b>Importante</b>	<b>Posible</b>	<b>12</b>	<b>a, f</b>
	L	Control posterior de dereitos e ingresos: Produtos de concesións administrativas	Medio	Bastante probable	12	a, f

(1) Os traballos de control permanente realizaranse de forma continuada e incluírán as seguintes actuacións (artigo 32 RDCI):

- Verificación do cumprimento da normativa e procedementos aplicables aos aspectos da xestión económica aos que non se estende a función interventora.
- Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados.
- Comprobación da planificación, xestión e situación da tesourería.
- As actuacións previstas nas normas orzamentarias e reguladoras da xestión económica do sector público local atribuídas ao órgano interventor.
- Análise das operacións e procedementos, co obxecto de proporcionar unha valoración da súa racionalidade económico-financiera e a súa adecuación aos principios de boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións en orde á corrección daquelas.
- Na Entidade Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que os datos e información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable, reflicten razoablemente o resultado as operacións derivadas da súa actividade económico-financiera.

### **Actuacións seleccionadas.**

Logo da precedente análise de riscos e tendo en conta as limitacións en canto aos medios dispoñibles, xa que a Intervención Xeral Municipal non conta cunha oficina ou servizo específicos, nin persoal adscrito para a realización do control financeiro, procede seleccionar as actuacións seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 60 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Pola categoría do risco e a obrigatoriedade de realizar o control financeiro das subvencións conforme ao disposto na lexislación sobre subvencións, o control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría das subvencións e axudas públicas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2020.
- Pola categoría do risco e a obrigatoriedade de realizar o control financeiro dos ingresos, o control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría dos dereitos e ingresos da tesourería do Concello de Vigo no exercicio 2020.

Considerando a amplitude e a diversidade dos ingresos xestionados polo Concello de Vigo, así como a súa importancia relativa no conxunto dos ingresos municipais, as actuacións de control realizaranse sobre unha mostraxe dos ingresos liquidados polos seguintes conceptos:

- i. Imposto sobre Bens Inmóbles
  - ii. Imposto sobre Actividades Económicas
  - iii. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica
  - iv. Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras
  - v. Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana
  - vi. Taxa pola recollida do lixo
  - vii. Taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local
  - viii. Ingresos de concesións administrativas
- Por aplicación da disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, a Auditoría da conta 413 no exercicio 2020 e a súa correlación co rexistro de facturas.
  - Pola categoría do risco, e a súa importancia nos procesos de xestión administrativa e orzamentaria, tanto polo número de contratos celebrados como polo seu importe global, o control financeiro posterior dos contratos menores celebrados no ano 2020.

O interventor xeral municipal  
Asdo. Alberto Escariz Couso

## ANEXO II. CADRO RESUMO DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR NO EXERCICIO 2021

### 1. Actuacións atribuídas no Ordenamento Xurídico ao órgano Interventor.

Medios: Propios

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 61 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**2. Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría dos dereitos e ingresos municipais liquidados no exercicio 2020.**

Medios: Firmas privadas de auditoría

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

**3. Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría das subvencións e axudas públicas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2020.**

Medios: Firmas privadas de auditoría

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

**4. Control financeiro posterior dos contratos menores celebrados polo Concello de Vigo no ano 2020.**

Medios: Propios

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

**5. Auditoría das contas do ano 2020 e auditoría de cumprimento da Fundación Vigo Convention Bureau.**

Medios: Firmas privadas de auditoría

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

**6. Auditoría das contas do ano 2020 e auditoría de cumprimento da Fundación Vigo en Deporte.**

Medios: Firmas privadas de auditoría

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec



**7. Auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas.**

Medios: Propios

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

**8. Auditoría da conta 413 no exercicio 2020 e a súa correlación co rexistro de facturas.**

Medios: Propios

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 20.10.2021, quedou informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO. O Pleno da Corporación queda enterado do Plan anual de auditorias e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2021.

**4.(191). DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DO ANO 2022 E PREVISIÓN DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2021. EXPTE. 195/143 REXISTRO PLENO 3140/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 10.09.21 que dí o que segue,

“Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2022.

Estado de gastos consolidado, grupo Concello de Vigo: (Entidade Local, Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións Marco e Convention Bureau.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 63 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Nos estados de gastos e ingresos xa se están a considerar as achegas de financiamento que está a facer a Entidade Matriz ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

Quedan incorporados os axustes de consolidación correspondentes ao Grupo, cuxa contía e detalle queda reflectida na táboa que se achega.

*Estado de gastos consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau).*

Capítulo	2021			2022	
	Créditos iniciais	Créditos definitivos	%	Estim ado	
				Oblig.Recoñecidas	Estim ación
1	75.958.238,87	76.423.380,94	90,03%	68.805.634,34	76.660.734,52
2	133.793.997,21	146.124.004,40	94,76%	138.467.276,61	135.623.135,66
3	9.530,00	9.530,00	92,13%	8.780,00	10.035,00
4	26.483.343,18	26.784.631,64	117,97%	31.598.031,36	26.291.311,45
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	,00	600.000,00
Gasto Corrente NF	236.845.109,26	249.941.546,98	95,57%	238.879.722,31	239.185.216,63
6	25.785.628,30	106.316.503,78	49,12%	52.219.782,75	29.552.379,00
7	1.499.385,44	5.495.083,93	49,73%	2.732.755,13	841.444,00
Gasto capital NF	27.285.013,74	111.811.587,71	49,15%	54.952.537,88	30.393.823,00
Gasto Non Financ.	264.130.123,00	361.753.134,69	81,22%	293.832.260,19	269.579.039,63
8	532.000,00	532.000,00	74,40%	395.800,00	532.000,00
Total	264.662.123,00	362.285.134,69	81,21%	294.228.060,19	270.111.039,63

AXUSTES DE CONSOLIDACIÓN			
CAPÍTULO	XMU	MARCO	CB
4	5.829.965,00	650.000,00	200.000,00

*Estado de ingresos Consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau).*

Capítulo	2021			2022	
	Créditos iniciais	Créditos definitivos	%	Estim ado	
				Derech. Recoñecidos	Previsión
1	113.666.541,40	113.666.541,40	100,00%	114.803.206,81	112.622.445,36
2	8.975.743,44	8.975.743,44	100,00%	9.245.015,74	9.568.172,12
3	42.393.189,68	42.393.189,68	105,00%	44.428.663,53	42.029.884,27
4	85.350.890,27	92.632.666,71	98,00%	94.271.320,65	94.824.495,07
5	2.812.396,00	2.868.361,77	100,00%	2.868.361,77	2.624.355,23
Ingreso Corrente NF	253.198.760,79	260.536.503,00	101,95%	265.616.568,50	261.669.352,05
6	,00	,00		185.867,74	,00
7	10.931.362,21	10.943.362,21	80,00%	10.574.689,77	7.909.687,58
Ingreso capital NF	10.931.362,21	10.943.362,21	98,33%	10.760.557,51	7.909.687,58
Total Ingreso NF	264.130.123,00	271.479.865,21	101,80%	276.377.126,01	269.579.039,63
8	532.000,00	90.805.269,48	75,00%	395.800,00	532.000,00
Total	264.662.123,00	362.285.134,69	76,40%	276.772.926,01	270.111.039,63



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 64 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Desagregación capítulo 1 e 2 do estado de ingresos.

Concepto	I, II			total
	ir pf	ive	II.e e	
IBI				68.716.000,00
BICE				2.500.000,00
IAE				12.531.000,00
IVTM				14.900.000,00
IIVTNU				7.400.000,00
Cesión Tributos	6.575.445,36	5.459.964,60	1.607.207,52	13.642.617,48
ICIO				2.501.000,00
Total				122.190.617,48

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Concepto	Liqui.2021	Previ. 2022
Saldo Operacións correntes non Financeiras	26.736.846,19	22.484.135,42
Saldo Operacións capital non Financeiras	-44.191.980,37	-22.484.135,42
Saldo Operacións Non Financeiras	-17.455.134,18	0,00
(+/-) Axustes	-3.866.721,59	221.170,59
Capacidade (+)/Necesidade (-)	-21.321.855,77	221.170,59
Débeda	0,00	0,00

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Grupo Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2021.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 20.10.2021, quedou informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO. O Pleno da Corporación queda enterado das Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2022 e previsión de liquidación do Orzamento do ano 2021.

**5.(192). DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2021, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR**



## **OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS. EXPTE. 200/143. REXISTRO PLENO 3139/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe de data 21.04.2021, do Interventor Xeral que dó o que segue,

### “Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2021.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2021, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao TERCEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de SEPTEMBRO de 2021.

### Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Xúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2021, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

Achégase as anulacións e cancelacións de dereitos de corrente e pechados, así como as devolucións de ingresos.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 66 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Achégase o estado de Remanente de tesourería consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados.

Incorpórase o estado de Tesourería da Entidade e o do Organismo Autónomo e o consolidado.

As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.

Resultado orzamentario consolidado.

**Outra información:**

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar. A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 20.10.2021, quedou informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO. O Pleno da Corporación queda enterado do Estado de Execución do Estado de Gastos e Ingresos do orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2021, así como dos movementos de tesourería por operacións orzamentarias.

**6.(193). DAR CONTA DA MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGOS DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2021. EXPTE. 24845/541. REXISTRO PLENO 3141/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe do tesoureiro municipal, de data 21.04.2021, que dí o que segue,

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 67 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

#### INFORME.-

##### I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

##### II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 68 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

(.....)

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 69 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.*

*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 70 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

#### IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio([www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf](http://www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf)), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 71 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 3º trimestre do ano 2021.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2021 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU ), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 72 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
<b>Pagos feitos no trimestre</b>				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	1.403	82	77	16
Importe dos pagos	36.811.548,82	627.158,90	87.172,03	21.709,52
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	3	0	54	0
Importe	411.906,06	,00	71.948,88	,00
<b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>	<b>13,41 días</b>	<b>23,63 días</b>	<b>29,54 días</b>	<b>11,94 días</b>
<b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>				
Nº de pagos	,00	,00	,00	,00
Importe	,00	,00	,00	,00
<b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	169	8	17	1
Importe dos pagos	2.821.733,29	26.603,55	25.318,13	493,49
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	50	0	1	0
Importe	233.469,74	,00	1.210,00	,00
<b>PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)</b>	<b>18,65 días</b>	<b>5,08 días</b>	<b>25,03 días</b>	<b>1,00 días</b>

O "Período *medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

#### Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	11,19	14,35	19,79	7,03	103,37	34,12	11,27	0,00
Segundo	11,67	12,17	18,58	21,15	37,75	31,10	14,33	0,00
Terceiro	13,41	18,65	23,63	5,08	29,54	25,03	11,94	1,00
Cuarto								



## En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
<b>Primeiro</b>	24.125.123,41	2.816.510,75	99.107,47	122.725,46	150.678,45	34.107,72	2.466,82	,00
Nº pagos	1.079	156	52	12	146	39	10	0
<b>Segundo</b>	31.333.884,95	3.407.337,71	237.404,41	462.887,09	131.956,62	17.471,28	5.874,52	,00
Nº pagos	1.368	187	61	14	129	42	13	0
<b>Terceiro</b>	37.223.454,88	3.055.203,03	627.158,90	26.603,55	159.120,91	26.528,13	21.709,52	493,49
Nº pagos	1.406	219	82	8	131	18	16	1
<b>Cuarto</b>								
Nº pagos								

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por **días** de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.  
RD 635/2014

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2021												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maiο	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	15,28	7,67	8,32	8,08	9,41	8,97	9,17	12,34	10,34			
MARCO	85,85	89,29	97,79	30,17	31,71	36,48	31,05	26,91	25,62			
XMU	4,83	13,06	5,49	11,76	8,06	1,97	3,98	16,18	13,92			
V. C.BUR.	15,74	9,32	8,76	21,71	15,03	6,24	22,88	9,30	3,62			
<b>PMP Global</b>	<b>17,56</b>	<b>8,84</b>	<b>9,35</b>	<b>8,30</b>	<b>9,53</b>	<b>8,87</b>	<b>9,12</b>	<b>12,42</b>	<b>10,43</b>			



Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2021

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	5.471.601,02	1.121.984,51	3.363,38	23.557,73	11.605,39	115.453,09	1.397,75	0,00
Febreiro	8.747.920,27	1.515.365,79	38.761,41	33.510,38	17.407,89	128.454,33	629,51	0,00
Marzo	9.895.123,69	2.801.469,43	56.982,68	122.725,46	121.665,17	34.107,32	439,56	0,00
Abril	9.118.088,04	2.597.067,03	140.390,66	41.058,48	40.058,26	49.002,36	4.380,55	0,00
Maiο	12.681.860,89	2.284.094,98	61.378,04	23.033,12	53.078,11	33.914,74	1.010,06	0,00
Xuño	9.691.552,92	3.377.977,85	35.635,71	462.887,09	38.820,25	39.251,28	483,91	,00
Xullo	11.671.307,82	3.253.006,51	471.001,34	47.842,04	57.854,86	26.553,05	512,56	,00
Agosto	11.596.396,66	2.649.382,15	67.254,07	51.495,46	46.639,47	3.651,54	472,84	,00
Setembro	13.910.084,62	2.979.875,37	88.903,49	26.603,55	54.626,58	26.528,13	20.724,12	493,49
Outubro								
Novembro								
Decembro								
TOTAL	92.783.935,93		963.670,78		441.755,98		30.050,86	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura ata o pago ou ata o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 20.10.2021, quedou informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO. O Pleno da Corporación queda enterado da morosidade e período medio de pagos do terceiro trimestre de 2021.

*Incidencia. Auséntase da sesión a segunda tenente de alcalde, Sra. Silva Rego.*



## 7.(194). APROBACIÓN DEFINITIVA DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL NO ÁMBITO DO POLÍGONO 32 DO PERI IV-04 CALVARIO. EXPTE. 17165/411. REXISTRO PLENO 3146/1101.

ANTECEDENTES: Con data 18.10.21, a técnica de admón. xeral da oficina de Planeamento e Xestión, co conforme do xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

I. Mediante sentenza ditada polo Tribunal Supremo con data do 10.11.2015 (rec. casación nº 1658/2014) foi declarada a nulidade das orde da Conselleira da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do día 16.05.2008 de aprobación parcial e definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (en diante, PXOM08) e do Conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio do día 13.07.2009, de aprobación do documento de cumprimentación das deficiencias observadas na orde do 16.05.2008, o que conlevou a reviviscencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29.04.1993 (en diante, PXOU93).

II. Con data do 08.06.2020, a Vicepresidenta desta XMU ditou Resolución pola que se dispuxo "(...)Prestar conformidade ao "Estudo específico da situación derivada da anulación do PXOM 2008 ao abeiro do previsto no artigo 88 e 89 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, nas rúas Sagunto, Valladolid e AV. Emilio Martínez Garrido de Vigo", documentación presentada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo con data do 16.03.2020 (COD. SOL.: W425214-9043) pola representación da entidade "EDUARVEN 2014, SL", asinado dixitalmente polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García e polo avogado Diego Gómez Fernandez (avogado núm. 1.647 ICA Vigo) con data marzo de 2020, e subsecuentemente elevar o mesmo a instancia dos interesados, a consulta da Consellería correspondente da administración autonómica sobre a súa inclusión como ordenación provisional das prevista na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, con independencia do expediente tramitado a instancia deste Concello baixo o número 16022-411;SEGUNDO: Remitir o nomeado Estudo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para o seu sometemento ao informe urbanístico e ambiental referidos no artigo 88.2 da LMFA.(...)".

III. Deste xeito, e en cumprimento do peticionado, con data do 20.07.2020 tiña entrada no Rexistro xeral desta XMU, a través do sistema "Notifica. Gal", un oficio subscrito pola Secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, polo que se remiten os informes sectoriais emitidos ao presente expediente de conformidade coa normativa de pertinente aplicación, isto é, o informe urbanístico de data 15.07.2020 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanístico e o informe ambiental subscrito pola Directora xeral de calidade ambiental e cambio climático na mesma data, ao abeiro do previsto no artigo 88 da LMFAO.

Posteriormente, con data do 10.08.2020 a Vicesecretaria xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, remite novo informe sectorial urbanístico de data 5.08.2020 da Dirección xeral de ordenación do Territorio e Urbanístico, favorable a ordenación proposta, condicionado a incluír na ordenación a totalidade do polígono 32 do PERI IV-04 do Calvario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 76 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

IV.- Do anteriormente concluído, procedeuse a dar traslado a entidade promotora mediante oficio do Xerente de urbanismo do 10.08.2020 (Not. Núm. 8601/2020); A tales efectos, con data do 09.09.2020 tiña entrada no rexistro electrónico desta XMU, baixo o COD.SOL.: W470852-4011, nova documentación achegada pola representación da entidade promotora, en cumprimento do indicado no derradeiro informe da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 05.08.2020 verbo da inclusión da totalidade do polígono, consistente en: “Estudo da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, no ámbito do polígono 32 do PERI del Calvario” redactado e asinado con firmas dixital válidas con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG), documentación técnica, que substitúe e anula a anteriormente presentada”.

V.- Á vista da nova ordenación proposta, o dito instrumento foi remitido á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, quen con data do 09.10.2020 emite informe favorable á ordenación proposta subscrito pola Directora xeral de ordenación do Territorio e urbanismo á vista da nova proposta de “Estudo da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, no ámbito do polígono 32 do PERI del Calvario” redactado e asinado con firmas dixital válidas con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG).

VI.- Así as cousas, con data do 28.10.2020 o Pleno do Concello de Vigo prestou aprobación ao “Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación Municipal de Vigo 2008 no ámbito do Polígono 32 do PERI do Calvario (Vigo)” como ordenación provisional, de conformidade co previsto na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, instrumento urbanístico de iniciativa particular, inserido no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 09.09.2020 baixo o Cod. Sol.: W470852-4011, pola representación da entidade “EDUARVEN 2014, SL”, e redactado e asinado con firmas dixital válidas, con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG), que anula e substitúe á documentación técnica anteriormente presentada, como ordenación provisional das previstas no artigo 88 e 89 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e de ordenación, do que se xunta unha copia en soporte dixital, facendo constar expresamente que dito estudio se tramita e aproba con carácter independente ao expediente tramitado e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019; DOG 26.08.2019; BOB 20.09.2019. (Exp. 16022/411)

O día 08.03.2021 publicouse no DOGA núm. 45 o anuncio do 22.02.2021 da Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe ambiental estratéxico do IOP do ámbito do polígono 32 do PERI IV-04 Calvario (referencia 2020AAE2462).

VII.- Con datas do 08.04.2021 e 09.04.2021 (Cod. Web. W536802-4625), D. Diego Gómez Fernández na representación invocada no expediente, achega nova



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 77 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

documentación técnica do IOP, redactado pola empresa OTIMA, SL, por encargo da entidade “Eduarven 14” adaptada aos anteditos informes sectoriais, e aos efectos de que se proceda a súa aprobación inicial polo órgano municipal competente.

VIII.- Con data do 13.04.2021 a arquitecta municipal xefa do servizo de planeamento e xestión, emite informe técnico favorable a antedita documentación presentada, do seguinte teor literal;

*“(…) En data 29.08.2019 Diego Gómez Fernández, en nome da entidade EDUARVEN 2014 SL, “Estudio específico da situación derivada da anulación do PXOM 2008” para unha mazá situada no polígono 32 do Calvario, redactado polo arquitecto José Antonio Comesaña García e o avogado Diego Gómez Fernández, ao amparo dos artigos 84 e seguintes da Lei 2/2017, de 8 de febreiro de medias fiscais, administrativas e de ordenación de Galicia.*

*Neste Estudo abórdase a situación derivada da anulación por STS de data 10.11.2015 do denominado PXOM 2008 (aprobado definitivamente por ordes do 16.05.2008 e 13.07.2009) e do recobro da vixencia do anterior planeamento xeral, é dicir, do nomeado PXOU 1993.*

*Débase precisar que dito planeamento xeral vixente con anterioridade ao 2008, coñecido como PXOU 93 ou Plan Xeral de 1993, en realidade trátase do denominado “Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA” (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia). A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG n.º 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P. n.º 133, o 14 de xullo de 1993.*

*Como se describe no estudo presentado, os terreos para os que se pretendía nun primeiro momento recuperar a ordenación do plan anulado, comprendían unha parte do polígono 32 do PERI IV-04 Calvario que no PXOM 2008 tiñan a condición de solo urbano consolidado.*

*En data 9.06.2020 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou prestar conformidade ao estudo específico presentado e remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para emisión do preceptivo informe.*

*Foron recibidos informes da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. No primeiro informe dise que procede inicialmente someter a ordenación provisional do ámbito solicitado ao procedemento de avaliación ambiental simplificada. No segundo informe se recolle que a “proposta de delimitación da área resulta incongruente, por canto a disociación que se propón do polígono 32 invalida a aplicación do PERI do Calvario na zona non regulada no presente estudo ao estar suxeita a un réxime de equidistribución de deberes urbanísticos que afecta ao polígono completo”.*

*Como consecuencia do informe da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en data 9.09.2020 foi presentado un novo estudo específico xa referido a todo o ámbito do polígono 32 do PERI IV-04 CALVARIO.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 78 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Este novo Estudo Específico foi aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 20.10.2020. Elevado ao Pleno do Concello éste acordou:*

*- Aprobar o “Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación Municipal de Vigo 2008 no ámbito do Polígono 32 do PERI do Calvario (Vigo)” como ordenación provisional, de conformidade co previsto na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, instrumento urbanístico de iniciativa particular, inserido no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 09.09.2020 baixo o Cod. Sol.: W470852- 4011, pola representación da entidade “EDUARVEN 2014, SL”, e redactado e asinado con firmas dixital válidas, con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG), que anula e substitúe á documentación técnica anteriormente presentada, como ordenación provisional das previstas no artigo 88 e 89 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e de ordenación, do que se xunta unha copia en soporte dixital, facendo constar expresamente que dito estudio se tramita e aproba con carácter independente ao expediente tramitado e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019; DOG 26.08.2019; BOP 20.09.2019. (Exp. 16022/411).*

*En data 21.12.2020, Diego Gómez Fernández en representación de EDUARVEN 2014 SL, presentou documentos de Borrador e DAE para o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE).*

*Esta documentación foi remitida á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, que, tras someter a documentación ao periodo de consultas (de 08.01.2021 ao 8.02.2021), emitiu o Informe Ambiental Estratéxico (publicado no que se resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Instrumento de Ordenación Provisional do ámbito do Polígono 32 do PERI do Calvario. No mesmo informe se recolle que non se esperan efectos negativos no ámbito que se pretende agora recuperar. Tamén en data 26.02.2021 foi recibido informe do IET no que se conclúe que este IOP non terá efectos negativos na paisaxe, “en todo caso estes efectos serán positivos para a paisaxe urbana”.*

*En data 30.03.2021 foi recibido na Xerencia Municipal de Urbanismo (consta anexado ao expediente) Informe da Subdirección General de Aeropuertos y Seguridad Aérea sobre o instrumento de ordenación provisional no ámbito do polígono 32 do PERI IV-04 do CALVARIO no termo municipal de Vigo. No informe se sinala que o informe ten carácter preceptivo e vinculante. Con todo se di que que hai cota suficiente para que as Servidumes Aeronáuticas no sexan sobrepasadas polas construcións ou instalacións que puideran permitirse a través do IOP do polígono 32 do PERI do Calvario. Informando favorablemente o instrumento. Indicando asemade a obriga de plasmar na documentación do IOP que se está a tramitar, a necesidade de acordo favorable da Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) das obras e instalacións que se quixeran executar no ámbito.*

*Tras rematar a fase de AAE, o promotor da actuación presentou a documentación correspondente á aprobación inicial de dito IOP.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 79 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.

### FORMATO DE ENTREGA:

A documentación presentada en data 8 de abril de 2021 cumpre co establecido nas Normas Técnicas de Planeamento (NTP en adiante). Foi presentada en soporte CD, no CD se inclúen dúas carpetas comprimidas:

36057\_IOP\_202103\_AI\_01PDF

36057\_IOP\_202103\_AI\_02EDIT.

Tamén se inclúe o Anexo 9 das NTP.

As carpetas seguen o mesmo esquema tanto a correspondente ao formato .pdf coma a dos arquivos editables.

Contén as seguintes subcarpetas co seguinte contido:

- 01.MX (corresponde ás memorias):
  - Memoria informativa.
  - Memoria xustificativa.
  - Anexo 1. Reportaxe fotográfica do ámbito.
  - Anexo 2. Relación de parcelas catastrales afectadas.
  - Anexo 3. Anexo documental.
- 05. PINF (corresponde aos planos de información):
  - Plano de localización do ámbito do IOP
  - Plano de ordenación.
  - Plano topográfico
  - Plano do catastro.
  - Plano de situación actual.
  - Planos das redes de servizos existentes ( 5 planos).
  - Plano de rede viaria existente.
  - Plano de evolución urbanística do concello (recolle a antigüidade das edificacións existentes).
  - Plano de afeccións.
  - Plano de riscos.
- 06.PORD (corresponde aos planos de ordenación).
  - Plano de usos do solo. Neste plano se recollen as ordenanzas de aplicación do IOP.
  - Plano de integración co IOP aprobado definitivamente (24/07/2019).
- 07.NU (corresponde á normativa urbanística)
  - Normativa urbanística.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 80 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- 10.AAE. (corresponde coa documentación da avaliación ambiental estratéxica)

*Documento Ambiental Estratéxico.*

*Plano da alternativa cero.*

*Plano da alternativa 1.*

*Informe ambiental estratéxico.*

*A xuízo da técnica que subscribe a documentación presentada cumpre o establecido nas NTP (ORDE de 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia). Precisar que o Instrumento de Ordenación Provisional non está recollido como un posible planeamento nestas normas técnicas, polo que a organización das carpetas é unha adaptación ao regulado nelas.*

*Os documentos están ordeados tal e como se describiu anteriormente, todos contan con índice previo e marcadores (excepto o DAE xa que se incorporou o mesmo que foi tramitado no seu día e non os tiña), e todos cumpren o establecido no referente ao reflexo da data, do concello, etc.*

*No que atinxe ao formato editable inclúense dúas carpetas:*

- 01.DOC\_EDIT

*Esta carpeta segue o mesmo esquema que a do formato .pdf. A documentación escrita está en formato .docx e a correspondente aos planos está en formato .mxd (arquivo dos proxectos de ArcGis, formato aceptado polas NTP).*

- 02.FONTE\_DATOS

*Nesta carpeta inclúense, comprimidas as capas en formato .shp. Tamén se incorporan as capas en formato .dwg (de Autocad) xeorreferenciado, así como imaxes utilizadas na confección dos planos.*

## CONTIDO DO IOP

### CARPETA 01.MX:

#### PARTE I. INFORMACIÓN

1. LIMIAR.
2. ANTECEDENTES.
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DERIVADA DA ANULACIÓN DO PXOM 2008. SITUACIÓN ACTUAL.
4. ÁMBITO DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL.

*Neste apartado se recolle unha descripción do ámbito, o encadre territorial, o*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 81 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*medio físico, medio biótico, medio perceptual, caracterización socioeconómica, demografía, patrimonio cultural, medio urbano e territorial, rede viaria, redes de servizos, transporte e mobilidade, etc. Tamén se recolle unha descripción das afeccións sectoriais que inciden no ámbito e as zonas adxacentes.*

## PARTE II. XUSTIFICACIÓN

### 1. MARCO LEGAL DA ORDENACIÓN PROVISIONAL PROPOSTA.

*Inclúe a xustificación do cumprimento das sentenzas recaídas sobre o PXOM 2008, a protección do patrimonio cultural (artigo 84 da LMFAO) e tamén do establecido no artigo 87 da LMFAO.*

### 2. XUSTIFICACIÓN DO CONTIDO E VIXENCIA DA ORDENACIÓN PROVISIONAL.

*Neste apartado se xustifica o cumprimento da lexislación vixente, do establecido no IAE, a viabilidade e sustentabilidade económica do planeamento proposto e a vixencia deste instrumento.*

### 3. CONTIDO DOCUMENTAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL.

### 4. CONCLUSIÓN.

*Inclúese ademais, como Anexo II, unha reportaxe fotográfica do ámbito, e como Anexo II a relación das parcelas catastrais afectadas.*

## NORMATIVA URBANÍSTICA (CARPETA 07.NU)

*O contido normativo reproduce as partes da Normativa Urbanística do anulado PXOM 2008 que serían de aplicación para este instrumento de ordenación provisional.*

*Así pois, se recuperan os Títulos correspondentes ao Réxime transitorio, Desenvolvemento e Execución do Planeamento, o referente ás Normas Xerais de Uso, o correspondente ás Normas Xerais de Edificación, o referido ás Normas Xerais de Ordenación e Urbanización, Normas Xerais de Protección, e as Normas particulares en Solo Urbano Consolidado de aplicación, é dicir a normativa contida na ordenanza 3 Edificación en Couzada Pechada e a da ordenanza 6 de Edificación en Bloques Abertos.*

*Polo que, co contido nesta Normativa Urbanística se recupera un conxunto normativo bastante completo, procedente do anulado PXOM 2008, que permitirá a aplicación do IOP.*

## AMBITO DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 82 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



### AMBITO DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL

O ámbito delimitado ten unha superficie total de 11.157 m<sup>2</sup>. O ámbito está delimitado polas rúas Avda de E. Martínez Garrido e rúas Sagunto, Valladolid, Segovia e Burgos, formando o denominado polígono 32 do PERI IV-04 CALVARIO. Na ordenanza 3 está incluída unha superficie de 4.609 m<sup>2</sup>, e na ordenanza 6 unha superficie de 691 m<sup>2</sup>. O viario supón un área de 5.857 m<sup>2</sup>.

PXOM 2008 co ámbito en azul, planos 9-N e 9-O da SERIE 2



No anulado PXOM 2008 este ámbito estaba clasificado na súa totalidade como solo urbano consolidado con ordenanzas de aplicación 3 de EDIFICACIÓN EN COUZADA e 6 de EDIFICACIÓN EN BLOQUES ABERTOS, que agora neste IOP se recuperan. O



Copia do documento - Concello de Vigo  
3189-1101

Data impresión: 29/12/2021 13:51 Páxina 83 de 117  
CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

*contido da ordenación do IOP é coincidente totalmente co recollido no anulado PXOM 2008 para estes terreos.*

*A xuízo da técnica que subscribe, a documentación presentada de Instrumento de Ordenación Provisional do ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 do Calvario, en data 9 de abril de 2021 redactada polos técnicos da empresa ÓPTIMA SL, asinada polo arquitecto Javier Rivas Barros e polo avogado Diego Gómez Fernandez, cumpre co exisido na LMFAO e, en xeral, tamén co establecido nas NTP.*

*Con todo, na documentación que se presente para a aprobación definitiva, en relación coa documentación editable de carácter gráfico, deberá axustar o nome das capas e as táboas de atributos ao modelo de datos vectoriais establecido no "Anexo 3: modelo de datos dos arquivos vectoriais" das NTP (ver <https://cmatv.xunta.gal/documentos-apoio>).*

#### **CONCLUSIÓN:**

*Débase aclarar que o contido mínimo deste instrumento de ordenación de carácter provisional, non está regulado expresamente nin na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia do solo nin no seu Regulamento (Decerto 143/2016, de 22 de setembro, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febreiro, del suelo de Galicia). Tampouco nas NTP se contempla este tipo de instrumento de ordenación provisional, con todo, ao se tratar dun instrumento de planeamento resulta necesaria a adaptación dos formatos de presentación tanto en .pdf, como en formatos editables. Como xa se informou, a documentación presentada resulta dunha adaptación ao regulado nas ditas normas.*

*A xuízo da técnica que subscribe, tanto desde un punto de vista formal como no que se refire ao seu contido, a documentación presentada é adecuada e suficiente para proceder á súa aprobación inicial segundo se establece no artigo 93 Tramitación para a aprobación da ordenación provsional da LMFAO.(...)"*

**IX.-** Recadados os informes pertinentes, e seguindo coa súa pertinente tramitación en expedientes de análoga materia, (isto é, o IOP do Concello de Vigo tramitado no exp. 16022/411), con data do 28 de abril de 2021, o Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo: **PRIMEIRO.-** *Aprobar inicialmente o instrumento de medidas de ordenación tramitado no expediente 17165/411, redactado pola empresa OTIMA, SL, por encargo da entidade "Eduarven 14", documentación técnica presentada no rexistro desta XMU con datas do 08.04.2021 (Cod. Web. W536802-4625) e 09.04.2021, asinada dixitalmente con firmas válida polos directores dos traballos o avogado D. Diego Gómez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e o arquitecto D. Francisco Javier Rivas Barros, nomeado "Instrumento de medidas provisionais de ordenación no ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 do Calvario (Vigo) como ordenación provisional, de conformidade co previsto na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación. SEGUNDO:* Someter o instrumento inicialmente aprobado a información pública polo prazo de vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, nun dos xornais de maior difusión na provincia, no Portal de Transparencia e na sede electrónica municipal. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais de terreos afectados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 84 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, solicitaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o que se entenderán emitidos con carácter favorable. TERCEIRO: Declarar a suspensión, polo prazo máximo de dous anos, do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, nos termos previstos na lexislación vixente e de acordo co reflectido no resumo executivo incorporado ao instrumento de ordenación provisional inicialmente aprobado. Esta suspensión levantarse, en todo caso, unha vez aprobado definitivamente o dito instrumento.*

X.- En cumprimento do acordado, o instrumento que nos ocupa, foi sometido á preceptiva información pública, así como notificación individual a todas as persoas titulares catastrais de terreos afectados, sen que se achegaran escritos de alegacións, tal e como se fai constar na certificación expedida pola Secretaría da Admon. Municipal do Concello de Vigo, con data do 17.08.2021 no que se fai constar expresamente "(...)Que, durante o periodo de información pública do expediente núm. 17165/411, de "Instrumento de Ordenación Provisional no ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 Calvario" aberto polo prazo de vinte (20) días, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior difusión na provincia (Faro de Vigo, do 14 de maio de 2021), no Diario Oficial de Galicia (núm. 104, do 4 de xuño de 2021), e na sede electrónica municipal, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente en data do 9 de agosto de 2021 pola Xefa da oficina do Rexistro da XMU, así como publicación de edicto no suplemento de notificacións do Boletín Oficial do Estado núm. 156, de data 1 de xullo de 2021, non se presentaron escritos de alegacións.

XI.- Obran no expediente a emisión dos seguintes informes sectoriais favorables á ordenación proposta: Delegación do Goberno en Galicia, Confederación hidrográfica do Miño Sil, Dirección sectorial de telecomunicacións, autoridade portuaria de Vigo, Dirección xeral de emerxencias e interior, Dirección xeral de calidade ambiental, sustentabilidade e cambio climático, dirección xeral de Planificación e ordenación forestal, Axencia Galega de Infraestruturas, Augas de Galicia, Dirección xeral de Patrimonio Cultural, Portos de Galicia, Deputación provincial de Pontevedra; Reiterase que asemade obran no expediente, tal e como se ten indicado nas alíneas precedentes, os informes emitidos pola Dirección xeral de de Aviación Civil, e polo IET.

XII.- A teor do expostos nas alíneas precedentes, do preceptivo trámite de información pública, así como do contido dos anteditos informes sectoriais- de carácter favorable- non resulta modificación algunha das determinacións da ordenación contida no documento do Instrumento de medidas provisionais de ordenación no ámbito do polígono 32 do PERI IV-04 do Calvario aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo o 28.04.2021.

XIII.- Deste xeito, con datas do 13.10.2021 e 14.10.2021, D. Diego Gómez Fernández insire no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, co COD.SOL.: W611977-2388, a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, do dito Instrumento de ordenación redactado por (OTIMA, S.L.), constando como



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 85 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



directores dos traballos o arquitecto Xabier Rivas Barros e o avogado Diego Gómez Fernández, por encargo da entidade "EDUARVEN 2014, S.L."

XIV.- A antedita documentación, foi informada favorablemente con data do 15 de outubro do 2021, pola arquitecta xefa do servizo de planeamento e Xestión da XMU, do que se extracta o seu contido técnico que lle serve de motivación ao presente consonte co previsto no artigo 88.9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro,

(...) **DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.**

**FORMATO DE ENTREGA:**

*A documentación presentada en data 8 de abril de 2021 cumpre co establecido nas Normas Técnicas de Planeamento (NTP en adiante). Foi presentada en soporte CD, neste formato inclúense dúas carpetas comprimidas:*

*36057\_IOP\_202110\_AI\_01PDF*

*36057\_IOP\_202110\_AI\_02EDIT.*

*Tamén se inclúe o Anexo 9 das NTP.*

*As carpetas seguen o mesmo esquema tanto a correspondente ao formato .pdf coma a dos arquivos editables.*

*Nas carpetas, organizadas en subcarpetas, atópase o seguinte contido:*

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

**PARTE I. INFORMACIÓN [MX\_01INF]**

**1. LIMIAR**

**1.1. OBXECTO**

**1.2. PROMOTOR**

**1.3. EQUIPA REDACTORA**

**2. ANTECEDENTES**

**2.1. DECLARACIÓN XUDICIAL DA NULIDADE DO PXOM DE VIGO DE 2008**

**2.1.1. Sentenza do TS de 10.11.2015, recaída no recurso de casación N.º 1658/2014**

**2.1.2. Outras resolucións xudiciais que afectan ao PXOM 2008**

**2.2 .PLANEAMENTO QUE RECOBRA A VIXENCIA**

**2.3. O PLAN XERAL DECLARADO XUDICIALMENTE NULO**

**2.4. INICIACIÓN DO PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN DO INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA QUE SUBSTITÚA AO INSTRUMENTO ANULADO.**

**3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DERIVADA DA ANULACIÓN DO PXOM 2008. SITUACIÓN ACTUAL**

**3.1. ANÁLISE DOS INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO QUE RECOBRAN A SÚA VIXENCIA E LEXISLACIÓN AO ABEIRO DA CAL SE APROBOU**

**3.1.1. Instrumentos de planeamento que recuperan a vixencia coa anulación do PXOM 2008**

**3.1.2. Marco legal ao abeiro do que se redactou o planeamento revivido**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 86 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### 3.2. ADECUACIÓN DO PLANEAMENTO REVIVIDO Á LEXISLACIÓN URBANÍSTICA E SECTORIAL VIXENTE

3.2.1. Falta de adecuación do PXOU de 1993 á lexislación urbanística e sectorial vixente

3.2.2. Ordenación prevista para o ámbito do IOP no PXOU-93 e obsolescencia da mesma

### 3.3. REALIDADE URBANÍSTICA VIXENTE NO ÁMBITO AFECTADO XURDIDA AO ABEIRO DO INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN ANULADO

3.3.1. Maior adecuación do PXOM 2008 á lexislación urbanística vixente

## 4. ÁMBITO DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL

### 4.1. CARACTERIZACIÓN TERRITORIAL DO ÁMBITO DO IOP

4.1.1. Inserción territorial do ámbito do IOP

4.1.2. Medio físico

4.1.3. Medio biótico

4.1.4. Medio perceptual

4.1.5. Caracterización socioeconómica

4.1.6. Patrimonio Cultural

4.1.7. Medio urbano e territorial

4.1.8. Rede viaria

4.1.9. Redes de servizos

4.1.9.1. Abastecemento

4.1.9.2. Saneamento

4.1.9.3. Enerxía eléctrica

4.1.9.4. Gas

4.1.9.5. Alumeado público

4.1.9.6. Telefonía e telecomunicacións

4.1.10. Transporte e mobilidade

### 4.2. AFECCIÓNS SECTORIAIS

4.2.1. Elementos naturais do territorio

4.2.2. Patrimonio histórico

4.2.3. Infraestruturas territoriais

## PARTE II. XUSTIFICACIÓN [MX\_02XUS]

### 1. MARCO LEGAL DA ORDENACIÓN PROVISIONAL PROPOSTA

1.1. XUSTIFICACIÓN DO RESPECTO ÁS SENTENZAS FIRMES QUE DECLARAN A NULIDADE DO PXOM DE VIGO DE 2008 (ART. 84.2 DA LMFAO).

1.1.1. Sentenza do T.S. de 10.11.2015 recaída no recurso de casación 1658/2014 e derivadas

1.1.2. Sentenzas anteriores á do T.S. de 10.11.2015, que declaran a nulidade dalgunha determinación do PXOM 2008

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL (ART.86 LMFAO)

1.3. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROCEDEMENTO PREVISTO NA LMFAO (ART.87 LMFAO)

### 2. XUSTIFICACIÓN DO CONTIDO E VIXENCIA DA ORDENACIÓN PROVISIONAL. (ART.90 LMFAO)

2.1. ORDENACIÓN PROVISIONAL EN SOLO URBANO E DE NÚCLEO RURAL (ART.91)

2.1.1. Ordenación provisional en Solo Urbano

2.1.2. Resumo da ordenación provisional proposta



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/12/2021 13:51

Páxina 87 de 117

3189-1101

CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2.2. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SECTORIAL E DOS INFORMES AMBIENTAL E URBANÍSTICO

2.2.1. Cumprimento da lexislación sectorial

2.2.2. Informes ambiental e urbanístico

2.3. XUSTIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN DAS DETERMINACIÓNS DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

2.4. XUSTIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN DOS INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS

2.4.1. Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

2.5. INFORMACIÓN PÚBLICA DO IOP

2.5.1. Alegacións presentadas.

2.6. XUSTIFICACIÓN DA VIABILIDADE E SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA DO IOP

2.7. XUSTIFICACIÓN DA NORMATIVA DA ORDENACIÓN PROVISIONAL E DAS CORRECCIÓNS INCLUÍDAS EN RELACIÓN COA NORMATIVA DO PXOM 2008

2.8. VIXENCIA DA ORDENACIÓN PROVISIONAL

3. CONTIDO DOCUMENTAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL

3.1. DOCUMENTACION GRAFICA: INFORMACIÓN CARTOGRÁFICA E VECTORIAL

4. CONCLUSIÓN

ANEXOS Á MEMORIA

ANEXO 1 REPORTAXE FOTOGRÁFICA DO ÁMBITO

ANEXO 2 RELACIÓN DE PARCELAS CATASTRAIS AFECTADAS .

ANEXO 3 ANEXO DOCUMENTAL

PLANOS INFORMACIÓN [Carpeta 05.PINF]

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_01EX.01 LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO DO IOP

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_01EX.02 DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO IOP

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_01EX.03 DELIMITACIÓN DO ÁMBITO SOBRE ORTOFOTO

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_02ORD.01 PLANEAMENTO VIXENTE. PXOU 1993

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_02ORD.02 ORDENACIÓN ESTABLECIDA NO PXOM 2008

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_03TOPO.01 MEDIO FÍSICO. HIPSOMETRÍA

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_03TOPO.02 MEDIO FÍSICO. CLINOMETRÍA

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_03TOPO.03 MEDIO FÍSICO. ORIENTACIÓNS

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_04CATASTRO PARCELARIO CATASTRAL

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_05ACTUAL.01 USOS DO SOLO EXISTENTES

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_05ACTUAL.02 EDIFICACIÓNS EXISTENTES. USO PRINCIPAL

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_05ACTUAL.03 EDIFICACIÓNS EXISTENTES. USO EN PLANTA BAIXA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 88 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_05ACTUAL.04 EDIFICACIÓNS EXISTENTES. IDADE  
36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_05ACTUAL.05 EDIFICACIÓNS EXISTENTES.  
ESTADO

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_05ACTUAL.04 USOS DAS EDIFICACIÓNS

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_06SERV.01 REDES DE SERVIZOS EXISTENTES.  
ABASTECEMENTO

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_06SERV.02 REDES DE SERVIZOS EXISTENTES.  
SANEAMENTO

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_06SERV.03 REDES DE SERVIZOS EXISTENTES.  
ELECTRICIDADE

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_06SERV.04 REDES DE SERVIZOS EXISTENTES.  
GAS

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_06SERV.05 REDES DE SERVIZOS EXISTENTES.  
TELECOMUNICACIÓNS

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_07IC REDE VIARIA EXISTENTE

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_08EVO\_URB EVOLUCIÓN URBANÍSTICA DO  
CONCELLO

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_09IOT\_AFEC AFECCIÓNS SECTORIAIS

36057\_IOP\_202103\_AI\_PINF\_10RISCOS ANÁLISE DE RISCOS

PLANOS ORDENACIÓN [Carpeta 06.PORD]

36057\_IOP\_202103\_AI\_PORD\_01USOS ORDENACIÓN. USOS PORMENORIZADOS

36057\_IOP\_202103\_AI\_PORD\_02INT INTEGRACIÓN DA ORDENACIÓN CO IOP  
APR. DEF. 24/07/2019

NORMATIVA URBANÍSTICA [Carpeta 07.NU]

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

TÍTULO II RÉXIME TRANSITORIO. INCIDENCIA SOBRE A EDIFICACIÓN  
PREEXISTENTE

TÍTULO III DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PLAN XERAL

TÍTULO IV NORMAS XERAIS DE USO

TÍTULO V NORMAS XERAIS DE EDIFICACIÓN

TÍTULO VI NORMAS XERAIS DE ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN

TÍTULO VII NORMAS XERAIS DE PROTECCIÓN

TÍTULO VIII NORMAS PARTICULARES DO SOLO URBANO

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO [Carpeta 10.AAE]

A. MEMORIA [AAE\_01DAE]

1. LIMIAR

2. MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN  
AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

3. OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 89 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4. ALCANCE E CONTIDO DO PLAN PROPOSTO E DAS SÚAS ALTERNATIVAS RAZOABLES,
5. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN
6. RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DAS ALTERNATIVAS CONSIDERADAS
7. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN OU PROGRAMA
8. EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES
9. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES
10. MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVIR, REDUCIR E, NA MEDIDA DO POSIBLE, CORRIXIR CALQUERA EFECTO NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO DA APLICACIÓN DO PLAN, TOMANDO EN CONSIDERACIÓN O CAMBIO CLIMÁTICO
11. DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN
12. CONCLUSIÓN

#### B. PLANOS

- 36057\_PERI\_202009\_B\_AAE\_02ALTO
- 36057\_PERI\_202009\_B\_AAE\_02ALT1

*A xuízo da técnica que subscribe a documentación presentada cumpre o establecido nas NTP (ORDE de 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia). Precisar que o Instrumento de Ordenación Provisional non está recollido como un posible planeamento nestas normas técnicas, polo que a organización das carpetas é unha adaptación ao regulado nelas.*

*Os documentos están ordeados tal e como se describiu anteriormente, todos contan con índice previo e marcadores (excepto o DAE xa que se incorporou o mesmo que foi tramitado no seu día e non os tiña), e todos cumpren o establecido no referente ao reflexo da data, do concello, etc.*

*No que atinxe ao formato editable inclúense dúas carpetas:*

– 01.DOC\_EDIT

*Esta carpeta segue o mesmo esquema que a do formato .pdf. A documentación escrita está en formato .docx e a correspondente aos planos está en formato .mxd (arquivo dos proxectos de ArcGis, formato aceptado polas NTP), polo que non é posible comprobar o contido xa que na XMU non contamos con dito programa.*

– 02.FONTE\_DATOS

*Nesta carpeta inclúense, comprimidas as capas en formato .shp. Tamén se incorporan as capas en formato .dwg (de Autocad) xeorreferenciadas, así como imaxes utilizadas na confección dos planos.*

#### PLANOS DE ORDENACIÓN E NORMATIVA URBANÍSTICA (CARPETA 07.NU)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 90 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Tanto os planos de ordenación como o contido normativo reproducen o contido do anulado PXOM 2008. No que atinxe á Normativa Urbanística, se recuperan os Títulos correspondentes ao Réxime transitorio, Desenvolvemento e Execución do Planeamento, o referente ás Normas Xerais de Uso, o correspondente ás Normas Xerais de Edificación, o referido ás Normas Xerais de Ordenación e Urbanización, Normas Xerais de Protección, e as Normas particulares en Solo Urbano Consolidado de aplicación, é dicir a normativa contida na ordenanza 3 Edificación en Couzada Pechada e a da ordenanza 6 de Edificación en Bloques Abertos.*

*Polo que, co contido nesta Normativa Urbanística se recupera un conxunto normativo bastante completo, procedente do anulado PXOM 2008, que permitirá a aplicación do IOP.*

### AMBITO DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL

*O ámbito delimitado ten unha superficie total de 11.157 m<sup>2</sup>. O ámbito está delimitado polas rúas Avda de E. Martínez Garrido e rúas Sagunto, Valladolid, Segovia e Burgos, formando o denominado polígono 32 do PERI IV-04 CALVARIO. Na ordenanza 3 está incluída unha superficie de 4.609 m<sup>2</sup>, e na ordenanza 6 unha superficie de 691 m<sup>2</sup>. O viario supón un área de 5.857 m<sup>2</sup>.*



**PLANO 36057\_IOP\_202110\_AD\_PORD\_01USOS do IOP, co ámbito afectado coloreado en azul.**

*No anulado PXOM 2008 este ámbito estaba clasificado na súa totalidade como solo urbano consolidado con ordenanzas de aplicación 3 de EDIFICACIÓN EN COUZADA e 6 de EDIFICACIÓN EN BLOQUES ABERTOS, que agora neste IOP se recuperan. O contido da ordenación do IOP é coincidente totalmente co recollido no anulado PXOM 2008 para estes terreos.*

*A xuízo da técnica que subscribe, a documentación presentada de Instrumento de Ordenación Provisional do ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 do Calvario, en data 14 de outubro de 2021 redactada polos técnicos da empresa ÓPTIMA SL,*



Copia do documento - Concello de Vigo 3189-1101	Data impresión: 29/12/2021 13:51 CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	Páxina 91 de 117
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

asinada polo arquitecto Javier Rivas Barros e polo avogado Diego Gómez Fernandez, cumpre co exisido na LMFAO e, en xeral, tamén co establecido nas NTP.

Con todo, os planos en formato editable atópanse en formato .mxd (formato de ArcGis) non pode ser comprobado pola técnica que subscribe, xa que non temos acceso a ese programa.

#### PLAN XERAL APROBADO INICIALMENTE

O día 26.08.2021 o Pleno do Concello de Vigo aprobou inicialmente o novo planeamento xeral que virá substituír o vixente PXOU 1993. Neste novo planeamento xeral o ámbito deste IOP está clasificado como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación U3.A. Edificación lineal densa, variante U3.A., con altura de B+3 (ver plano PORD 04, folla 5-H, do PXOM aprobado inicialmente).

#### CONCLUSIÓN:

Débase aclarar que o contido mínimo deste instrumento de ordenación de carácter provisional, non está regulado expresamente nin na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia do solo nin no seu Regulamento (Decerto 143/2016, de 22 de setembro, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia). Tampouco nas NTP se contempla este tipo de instrumento de ordenación provisional, con todo, ao se tratar dun instrumento de planeamento resulta necesaria a adaptación dos formatos de presentación tanto en .pdf, como en formatos editables. Como xa se informou, a documentación presentada resulta dunha adaptación ao regulado nas ditas normas.

A xuízo da técnica que subscribe, tanto desde un punto de vista formal como no que se refire ao contido da documentación técnica, a documentación presentada é adecuada e suficiente para proceder á súa aprobación definitiva segundo se establece no artigo 93 Tramitación para a aprobación da ordenación provisional da LMFAO.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

##### I. Normativa examinada

- Rdlex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (TRLSRU)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG)
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (LMFAO 2017)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- PXOU93, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29.04.1993



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 92 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- O resto de disposicións que poidan afectar

## II. Consideración xurídicas: Ámbito da ordenación provisional

O instrumento urbanístico que nos ocupa é unha ferramenta posta a disposición das Administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos para que, nas circunstancias previstas na LMFAO 2017, podan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto non conten cun novo plan xeral aprobado definitivamente. Consecuentemente, no presente caso, a ordenación urbanística a recuperar deberá ser coincidente coa prevista no PXOM08 e cos seus instrumentos de desenvolvemento, nos termos e sen outras excepcións que as previstas na propia LMFAO 2017. Así mesmo, corresponderalle ao órgano competente valorar a necesidade da aprobación da proposta de IOP en atención ás singularidades deste instrumento, pois, malia tratarse dunha figura non prevista na LSG, ostenta a condición de instrumento de planeamento urbanístico aínda que revestido de certas singularidade, entre outras, a súa vocación de provisionalidade (só estará en vigor no prazo e condicións marcadas pola referida norma autonómica) e o seu carácter parcial (afectará só, no caso que nos ocupa, a dito ámbito -polígono 32 do PERI do Calvario).

Neste senso, o IOP elaborado pola empresa OTIMA, SL, por encargo da entidade "Eduarven 14", propón unicamente recuperar a ordenación detallada do referido PXOM08 no ámbito do polígono 32 do PERI do Calvario, - co alcance que indica a arquitecta xefa de planeamento e xestión en informe favorable asinado dixitalmente con data do 15 de outubro de 2021 a aprobación definitiva do dito instrument, , transcrito na súa literalidade nas alíneas precedentes, e a cuxo íntegro contido nos remitimos e que lle serve de fundamentación á presente, de conformidade co previsto no artigo 88.9 da LPACAP.

Así pois, o instrumento que se eleva a aprobación definitiva foi elaborado en observancia dos condicionantes impostos pola LMFAO 2017, recadando os preceptivos informes favorables, do xeito e co resultado que se indicou no corpo da presente.

## III. Tramitación procedimental

De conformidade co establecido na LMFAO 2017, na súa relación coa LSG, unha vez recadados os informes sectoriais preceptivos previos á aprobación inicial, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación inicial e o someterá a información pública como mínimo durante vinte (20) días, mediante anuncio publicado no DOG e nun dos periódicos de maior difusión na provincia e notificación individualizada a todos os titulares catastrais afectados. Neste prazo recadaranse os informes sectoriais e as consultas preceptivas.

A continuación, emitirase informe polos servizos técnico-xurídicos municipais sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa LMFAO 2017.

Finalmente, o pleno do Concello de Vigo aprobará definitivamente, de ser o caso, o instrumento de acordo cos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da LSGA.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 93 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Deste xeito, consta tal e como se ten indicado, que con carácter previo a aprobación inicial das IOP e consonte o artigo 88 da LMFAO se realizou un estudo específico da ordenación provisional e recabou os informe urbanísticos e ambiental.

Asemade conforme o artigo 93 da LMFAO consta no expediente resolución do órgano ambiental de non sometemento do IOP a procedemento de avaliación ambiental estratéxica, aprobación inicial por parte do pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros, certificado de exposición pública do IOP e certificación de non achega de alegacións.

Respecto aos de informes sectoriais emitidos consonte ao artigo 93 da LMFAO apartado segundo determina << Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

Se a ordenación provisional prevista foi xa obxecto dos indicados informes con anterioridade, admitirase a reprodución ou confirmación dos criterios contidos nos informes emitidos no seu día polos órganos informantes, sen prexuízo das cuestións que se poidan engadir á vista de novas circunstancias ou da aprobación de normativa posterior.>>

Neste senso consta no expediente os informes sectoriais relacionados nos antecedentes de feito deste informe proposta en senso favorable a ordenación proposta.

Non obstante cabe sinalar, que o artigo 80 da LPAC determina que, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán facultativos e non vinculantes e conforme o apartado catro de dito artigo sinala << Se o informe debe ser emitido por unha Administración pública distinta da que tramita o procedemento co obxecto de expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas, e transcorre o prazo sen que aquel se emitise, poderanse proseguir as actuacións. O informe emitido fóra de prazo poderá non ser tido en conta ao adoptar a correspondente resolución.>>

A estos efectos a STS de data 4 de xullo de 2014 en recurso 915/2012 determina << En cuanto a la virtualidad de un informe que es remitido fuera de plazo - cuestión que se suscita en el motivo de casación cuarto-, tiene razón el Ayuntamiento recurrente cuando señala que la no remisión del informe dentro del plazo señalado permite que prosiga la tramitación del procedimiento, como establece el artículo 83.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Pública y del Procedimiento Administrativo Común. Y, en efecto, en nuestra sentencia de 24 de noviembre de 2011 (casación 4883/2008 ) declarábase, aplicando ese precepto, que " (...) no habiéndose emitido el informe, la Administración municipal podía proseguir la tramitación del expediente, sin que la ausencia del mencionado informe pueda ser considerada causa de nulidad del Plan General aprobado ". Es decir, la falta del informe, habiéndose sido éste oportunamente solicitado, no determina la nulidad del instrumento de planeamiento. >>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 94 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

E por isto que transcorrido o prazo legalmente establecido sen haberse emitido os informes sectoriais solicitados poderase proseguir o procedemento de aprobación do instrumento de medidas provisionais.

No expediente consta informe da arquitecta municipal de data 15.10.2021 e mediante a emisión do presente informe dáse cumprimento ao informe xurídico esixido no artigo 93.seis da LMFAO.

A aprobación definitiva do IOP corresponde ao Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 93.seis) da LMFAO en relación co artigo 123.1 da LRBRIL cun quorum de maioría absoluta (14) por analoxía deste instrumento de planificación urbanística ao instrumento de planeamento xeral, debendo someterse con carácter previo ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que opera como Comisión Informativa en materia de urbanismo segundo acordo plenario de data 1.07.2019.

#### IV. Órgano competente

É competente para adoptar o correspondente acordo o Pleno do Concello de Vigo, habida conta de que se trata de recuperar a ordenación establecida nun instrumento de planeamento xeral cuxa aprobación tamén lle corresponde en virtude do establecido no artigo 123.i) da LRBRIL e 61.2 da LSG.

Con todo, a presente proposta formúlase a respecto do cumprimento da LMFAO 2017 polo IOP de referencia, sen prexuízo dos informes a emitir polo polo interventor municipal e o secretario xeral do Pleno do Concello de Vigo noutras materias en función das súas competencias.

Polo que antecede, propónse a adopción do seguinte ACORDO..."

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do 19.10.21, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e catro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 95 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o instrumento de medidas de ordenación no ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 do Calvario (Vigo) como ordenación provisional, de conformidade co previsto na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación. tramitado no expediente 17165/411, redactado pola empresa OTIMA, SL, por encargo da entidade "Eduarven 14", documentación técnica presentada no rexistro desta XMU con datas do 13.10.2021 e 14.10.2021, co COD.SOL.: W611977-2388, constando como directores dos traballos o arquitecto Xabier Rivas Barros e o avogado Diego Gómez Fernández, por encargo da entidade "EDUARVEN 2014, S.L."

SEGUNDO.- Proceder á publicación do presente acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia no prazo dun (1)mes.

TERCEIRO.- Publicar a normativa e ordenanzas do IOP no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

CUARTO.- Levantar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, nos termos previstos na lexislación vixente e de acordo co reflectido no resumo executivo incorporado ao instrumento de ordenación provisional inicialmente aprobado.

QUINTO.- Contra este acordo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente."

*Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

*Incidencia. Auséntase da sesión o Sr. Presidente. Ocupa a Presidencia o segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.*

## MOCIÓNS RESOLUTIVAS

**8.(195). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A INCREMENTAR SUBSTANCIALMENTE OS RECURSOS QUE ASIGNA Á CIDADE E A EXECUTAR A TOTALIDADE DO ORZAMENTO. REXISTRO PLENO 3156/1101.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 96 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2021, número 3156/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“Os Orzamentos Xerais do Estado que ven de aprobar o goberno deixan de novo a Vigo ao marxe do investimento estatal. Todos os grandes proxectos da cidade son completamente abandonados: non hai previstas nin unha soa mellora na AP9, nin na ampliación nin na integración urbana en Teis, nin os pasos a nivel necesarios; tampouco hai nin un só euro para ampliar os accesos a Ifevi; nin na AP9 no tramo Vigo-Tui; nin para soterrar a VG20. Non se asigna un só Euro para a mellora da Avenida de Madrid: un proxecto de 10 Millóns de Euros previsto nun Convenio asinado no ano 2016 que o Alcalde se empeñou en adiar ata que finalmente o estado desbota o proxecto retirándolle financiación. Hai que subliñar que o Convenio asinado polo Alcalde o Ministerio sinala expresamente que estará condicionado á existencia de crédito nos correspondentes orzamentos.

Esquécense estes orzamentos o Corredor Atlántico de Mercadorías, o Saída sur da Cidade, o AVE directo por Cerdedo ou a Biblioteca do Estado: o alcalde reuniuse co ministro de Cultura, anunciou que se faría no ano 2022 e dous días despois apróbanse uns orzamentos nos que se asignan nada mais que 50.000 euros.

Estes Orzamentos non van axudar a que Vigo recupere o pulso industrial e o emprego e volven a rexeitar a Liña de Moi Alta Tensión para a industria viguesa, imprescindible para que a industria viguesa dispoña dun subministro fiable e eficiente como xa teñen todas as cidades españolas con fábricas de automóviles agás Vigo.

A situación se agrava tendo en conta que a media de execución do orzamento en Galicia é o 16%, segundo os últimos datos publicados, polo que o pouco que se asigna non se gasta. Moitas das partidas que vemos nos orzamentos, ademais de ser moi cativas, se repiten ano tras ano porque non se executan.

Esta falta de execución é especialmente grave no Consorcio da Zona Franca de Vigo, tradicional impulsor da economía da cidade que nos últimos tres anos non fixo ningún investimento produtivo. Zona Franca prevé un orzamento en 2022 de 39,2 millóns, menos que no ano 2021 que foi de 40 millóns, dos que o investimento real previsto foi de 5,8 millóns; destes, 4 millóns son para despachos nun edificio nas rúas Areal e Oporto. Esta é a única partida que se cumpriu e na que, ademais, excede o gasto previsto, o desorbitado gasto improdutivo para facer unha nova sede e uns despachos céntricos nun magnífico edificio do que se desprende o Concello. Contrasta ese gasto co que destinou ás melloras no polígono de Balaídos en 2021, ano no que preveu 4,8 millóns, pero só gastou 1,8 millóns; no polígono de Bouzas: previstos 4,2 millóns, executados 1,3. O World Car Center: previstos 3,8 millóns e executados 30.000 euros; o Centro de servizos de transporte: orzados 133.000 euros, executados cero euros; a Panificadora: orzados 4,1 millóns e executados cero. A xestión da Zona Franca é un absoluto desastre.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 97 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Polo exposto, o Grupo Municipal presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

O Concello de Vigo amosa o seu rexeitamento ao Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 e insta ao goberno de España a:

- 1.- Incrementar os recursos que destina á cidade de Vigo e aumentar xeito substancial á súa execución
- 2.- Que dea a súa conformidade ás emendas que se presenten polos grupos políticos no trámite de aprobación dos orzamentos nas Cortes Xerais que supoñan un incremento do investimento do Estado na cidade de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González, vinte e un votos en contra do membro non adscrito o señor Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto da señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 22.10.21 (Rex. Nº 3156/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*Incidencia. Asuséntase da sesión o Sr. Pardo Espiñeira e pasa a presidir a terceira tenente de alcalde, Sra. Espinosa Mangana.*

**9.(196). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INCLUIR NOS SEUS ORZAMENTOS UNHA PARTIDA PARA GARANTIR A GRATUIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍS DENDE O 1 DE XANEIRO DE 2022, PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA E PARA O SERVIZO DE COMEDOR. REXISTRO PLENO 3151/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2021, número 3151/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Na sociedade actual a conciliación familiar, laboral e persoal é cada vez máis importante. Un dos recursos para facilitala é a oferta de prazas nas escolas infantís



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 98 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

e que esas prazas teñan prezos axustados. O goberno de Abel Caballero leva anos apostando pola creación de novas escolas municipais como Mestres Goldar, Navia, Tomás Alonso, Bouzas, Bembrive e dúas novas escolas que se construírán proximamente, Santa Marta e Praza da Industria. Sete novas escolas que se suman ás escolas municipais de Santa Cristina, Atalaia, Saiáns, Valadares e Rúa Palencia.

A realidade é que 12 escolas infantís serán financiadas polo Concello de Vigo fronte a 6 da Xunta de Galicia.

Outro dos aspectos fundamentais para garantir o acceso á educación e para facilitar a conciliación son os prezos das escolas. É moi importante lembrar que as escolas infantís da Xunta de Galicia, na nosa cidade, incrementaron ás súas tarifas nos últimos anos, podendo chegar a pagar os usuarios ata 247 euros mensuais fronte os 127 que se paga nas escolas infantís municipais.

O Concello de Vigo subvenciona o 90% do custe da praza e máis do 60% dos nenos e nenas están exentos de pago, tanto da atención educativa como do servizo de comedor.

O presidente da Xunta de Galicia anunciou, no debate do estado da autonomía, a súa intención de aplicar a gratuidade nas escolas infantís da nosa comunidade a partir do curso 2022-23. A Xunta de Galicia parece que se quere sumar a algo que xa ven facendo o Concello de Vigo, con máis do 60% do seu alumnado, dende hai máis de 10 anos. A diferenza é que no Concello de Vigo as exencións inclúen tanto a atención educativa como o servizo de comedor. Máis do 60% do noso alumnado paga cota cero e o 40% restante paga a metade que nas escolas da Xunta de Galicia.

A proposta da Xunta de Galicia fala da gratuidade da atención educativa, polo que non poden falar da gratuidade das escolas infantís xa que os usuarios deberán pagar polo servizo de comedor e de transporte.

Acollemos con agrado a decisión de garantir a gratuidade das escolas infantís pero esa gratuidade debe ser efectiva dende o 1 de xaneiro de 2022, e debe incluír a gratuidade do servizo de comedor como nas escolas infantís municipais.

Cal é o motivo para esperar ao mes de setembro para aplicar a gratuidade das escolas se os orzamentos da Xunta entran en vigor o 1 de xaneiro?

A realidade do anuncio do señor Feijoo é que non pode falar da gratuidade das escolas infantís xa que os alumnos e alumnas seguirán pagando por todos os servizos excepto pola atención educativa.

A Xunta de Galicia, se aplica esa medida, terá que pagar a gratuidade das escolas infantís municipais pero solicitamos que apliquen as mesmas exencións que o Concello de Vigo e a gratuidade sexa pola atención educativa e polo servizo de comedor.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 99 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a incluír nos seus orzamentos unha partida para garantir a gratuidade das escolas infantís dende o 1 de Xaneiro de 2022, tanto para á atención educativa como para o servizo de comedor.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

### ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.10.21 (Rex. Nº 3151/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **10.(198). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO PARA TÓDOLOS CENTROS EDUCATIVOS DA NOSA CIDADE QUE VIRON RECORTADO O SEU PERSOAL. REXISTRO PLENO 3152/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2021, número 3152/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“No pleno extraordinario do mes de setembro este grupo municipal presentaba unha moción instando á Xunta de Galicia a manter no curso 2021-2022 a todos os profesores e profesoras contratados no curso 2020-2021. Denunciabamos os recortes que se estaban a producir e as dificultades que se atopaban moitos centros educativos da nosa cidade para poder garantir unha educación pública de calidade. O Partido Popular de Vigo, no seu afán continuado de defensa dos intereses de Santiago, dicía que non se producirían eses recortes e que os cadros de persoal non se estaban a ver reducidos, chegando incluso a dicir que se aumentaba a contratación de profesorado para este curso. A realidade é que os datos desmenten unha vez máis esas afirmacións.

Nos últimos días as asociacións de pais e nais da nosa cidade iniciaron



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 100 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

mobilizacións denunciando os recortes educativos da Xunta de Galicia, recortes que se están a producir na contratación de profesorado, e especialmente co que ten que ver cos alumnos con necesidades educativas especiais.

A política de recortes da Xunta de Galicia é xeneralizada e leva anos minguando a calidade da educación pública da nosa cidade.

Na última reunión da Conferencia Sectorial de Educación e do Consello Interterritorial cos conselleiros das CC.AA., aprobáronse as medidas sanitarias para o curso 2021-2022. O propio Ministerio de Educación solicitou ás CC.AA. o uso dos fondos estatais para manter o mesmo número de profesores e profesoras que no curso anterior. A Xunta de Galicia recibirá unha nova partida de 800 millóns de euros para educación, sanidade e política social, ademais dos centos de millóns xa transferidos polo Goberno de España. A realidade é que a Xunta de Galicia tomou a decisión de reducir, unha vez máis, o número de profesores e profesoras a pesar da existencia de fondos estatais para a súa contratación.

A realidade é que a comunidade educativa de Vigo e da súa área se está a mobilizar denunciando este novo ataque da Xunta de Galicia á educación pública. Recortes de profesorado que minguarán a calidade educativa e dificultarán o cumprimento dos protocolos sanitarios.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia á contratación, de forma inmediata, de profesorado para todos os centros educativos da nosa cidade que viron recortado o seu persoal, con especial atención á contratación de profesores para alumnos con necesidades educativas especiais."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.10.21 (Rex. Nº 3152/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 101 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**11.(199). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE BONIFIQUE AS PEAXES DA AUTOESTRADA VIGO-BAIONA NOS MESMO TERMOS QUE O FIXO O GOBERNO DO ESTADO COA PEAXE A REDONDELA. REXISTRO PLENO 3153/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2021, número 3153/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Goberno de España acordou, por medio do Real Decreto 681/2021, de 27 de xullo a supresión das peaxes na Autoestrada AP-9 que, como é sabido, vertebra o sur e o norte das provincias atlánticas de Galicia.

Esta supresión das peaxes supón cumprir un obxectivo do Presidente Pedro Sánchez con Galicia pero, o que é máis importante, supón aforrar 2.300 millóns de euros aos usuarios no período 2021 a 2048. Este importante aforro de custos permite, ademais, favorecer as relacións persoais, familiares, sociais e económicas entre cidades e áreas próximas tendo, polo tanto, un importante efecto para a competitividade das empresas e acercando máis ás persoas que, neste século, non viven compartimentadas en términos municipais senón que precisan de mobilidade provincial e interprovincial.

Esta medida resulta relevante para Vigo, para as empresas que aquí se asentan e para as persoas que viven na nosa cidade pero tamén para o tecido comercial que xa está recibindo máis visitas doutras localidades que antes da supresión da peaxe.

Tamén hai que recordar que foi un goberno socialista o que suprimiu a peaxe do Morrazo, favorecendo así a interacción entre as persoas do lado norte e sur da ría de Vigo.

Así e todo, queda por integrar neste espazo de mobilidade interurbana ás persoas do Val Miñor -que utilizan a Autoestrada AG-57 dende o alto de Puxeiros ata Vincios, Gondomar, Panxón, Nigrán ou Baiona e que evitan una estrada de alto perfil urbano como a PO-552 e a PO-325 - deben poder dispor de iguais oportunidades que os do lado norte da Ría ou os das vilas e cidades da provincia de Pontevedra. A condición de Vigo como cidade da economía, da actividade, do ocio, das administracións, do porto e das empresas máis importantes do sur de Galicia fai imprescindible utilizar unha vía de alta capacidade, máis segura e máis rápida que as estradas convencionais sen que supoña un custo desproporcionado para os cidadáns.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 102 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Instar á Xunta de Galicia a que bonifique as peaxes da autoestrada Vigo-Baiona nos mesmos termos que fixo o Goberno do Estado coa peaxe a Redondela.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, a abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.10.21 (Rex. Nº 3153/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**12.(200). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CONSIGNACIÓN NOS ORZAMENTOS DO 2022 DA PARTIDA ECONÓMICA CORRESPONDENTE PARA A REALIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DO TÚNEL DE BEIRAMAR EN VIGO. REXISTRO PLENO 3154/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2021, número 3154/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“As actuacións de integración “porto-cidade” deben constituír unha prioridade nos proxectos das cidades onde os portos ocupan unha parte moi importante do ámbito cidadán.

Vigo, evidentemente, é un exemplo, e desde o Concello véñense demandando actuacións por parte da Autoridade Portuaria que permitan esta colaboración e que redunde en beneficio da cidadanía sen interferir na actividade portuaria.

A política de humanizacións, emblema desta cidade, require de avanzar nesa dirección en todos os espazos posibles. A proposta dun túnel en Beiramar, desde o primeiro momento, converteuse nunha actuación emblemática ao obxecto de evitar contaminación e permitir o goce dun espazo absolutamente inigualable.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 103 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O goberno da Xunta de Galicia asumiu esta formulación e boa proba diso foron as súas promesas electorais en canto ao compromiso da súa realización.

O DOG de 07/06/2010 publicou a convocatoria de *“concurso de servizo para a redacción do proxecto de trazado e construción da obra: ampliación do túnel de Beiramar en Vigo, tramo final do túnel actual-rúa da Coruña”*. O importe deste concurso era de 1,3 millóns de euros e foi adjudicado a Idom Ciesa.

Despois de 11 anos nada se fixo por parte do goberno de Feijoo e a necesidade desa ampliación do túnel cada vez é maior. Un túnel, desde o punto de visto técnico, absolutamente compatible co tráfico portuario pola opcións que se poden aplicar.

Esta marxinación á cidade de Vigo, por parte de Feijoo, contrasta co anuncio coñecido en datas recentes de que a Xunta inclúe nos seus orzamentos 20 millóns de euros para a *“fachada marítima da Coruña”*. Unha foto idílica, da Conselleira sentada nas escaleiras do edificio da Autoridade Portuaria da Coruña co Presidente, certifica outra choiva de millóns para A Coruña, a maiores do túnel de Ou Parrote, e o castigo á cidade de Vigo por parte do goberno de Feijoo. Como sempre, non estamos en contra de investimentos en todos os territorios pero se demandamos, cando menos, o mesmo trato para a cidade de Vigo.

É obrigación do goberno de Galicia atender de forma igualitaria a todo o territorio en función das súas necesidades e da súa importancia no contexto social e económico de Galicia, e é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

#### ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia á consignación nos Orzamentos para o ano 2022 da partida económica correspondente para a realización da ampliación do túnel de Beiramar en Vigo, tramo final do túnel actual-rúa A Coruña.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.10.21 (Rex. Nº 3154/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 104 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## PARTE DE CONTROL

### **13.(201). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DO 23.09 AO 19.10.2021. EXPTE. 1093/1102. REXISTRO PLENO 3148 /1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 23.09 ao 19.10.21) incluídas no expediente 1093/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

### **14.(202). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DO 23.09 AO 19.10.2021. EXPTE. 1094/1102. REXISTRO PLENO 3149/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 23.09 ao 19.10.21) incluídas no expediente 1094/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

## MOCIÓNS DE CONTROL

### **15(203). MOCIÓN DO CONCELEIRO NON ASDCRITO POR UN PLAN MUNICIPAL DE PROMOCIÓN DA LECTURA EN VIGO. REXISTRO 3155/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2021, número 3155/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

*"POR UN PLAN MUNICIPAL DE PROMOCIÓN DA LECTURA EN VIGO*

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

"Sen bibliotecas, que temos? Nin pasado, nin futuro". Esta afirmación do escritor Ray Bradury, autor da emblemática novela *Fahrenheit 451*, ilustra de maneira tan sintética como clara a importancia da lectura.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 105 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A lectura é un dos principais soportes e medios de acceso á cultura e un instrumento de enorme potencia para a socialización do coñecemento. Destarte, a súa promoción debe ser unha estratexia prioritaria no ámbito da política cultural con carácter xeral e, singularmente, no ámbito municipal.

Neste sentido, as bibliotecas tórnanse servizos esenciais e de enorme valor para permitir, precisamente, o acceso do conxunto do pobo, e de maneira especial ás clases populares e traballadoras, ao libro e, xa que logo, á lectura. Son abondosas as recomendacións de diferentes organismos internacionais como a FIAB ou INTAMEL en relación as ratios necesarias no que ten a ver co número de bibliotecas en relación á poboación dun municipio.

Atendendo estas, unha cidade como Vigo, de preto de 300 mil habitantes censados, debera dispor de unha biblioteca central, complementada de unha biblioteca de barrio por cada 15 mil habitantes, ou o que é o mesmo unha rede bibliotecaria que se despregase con como mínimo 20 bibliotecas. Porén, a nosa cidade apenas conta cunha biblioteca pública central, a Juan Compañel no Casco Vello, e a biblioteca Neira Vilas no Calvario. Esta última, inaugurada en 2011 e resultado do impulso decidido da concellaría de Cultura dirixida naquela altura polo BNG, concibiuse como a primeira biblioteca dunha rede que se tería de estender polo conxunto dos barrios e parroquias. Infelizmente ese compromiso non se materializou desde entón, e nos últimos dez anos o Concello de Vigo unicamente abriría tres salas de lectura (Casa do Patín en Bouzas, aula de estudo no Auditorio Mar de Vigo e sala de lectura en Navia). Espazos, que se ben son úteis e necesarios para o estudo, malia seren presentados nalgún caso de maneira confusa como “sala de lectura-biblioteca” non se poden cualificar como tales.

Así llo sinalou de maneira reiterada ao Goberno municipal a Asociación de Profesionais dos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galiza BAMAD, que expresamente indicaba nunha comunicación dirixida ao alcalde en 2019, e que sería reteirada en 2020, que: “As bibliotecas non son salas de lectura. A sala de lectura é un dos servizos que pode ser dado polas bibliotecas pero non o único. Para contar con servizos bibliotecarios a biblioteca debe contar cun tamaño adecuado, contar con documentos (libros e outros soportes de información) e estes deben estar xestionados de maneira profesional (xestión documental) por un persoal adecuado ao tamaño da biblioteca e ao número da poboación que debe atender”. Nesa misiva, BAMAD constataba de maneira explícita a evidente insuficiencia dos recursos bibliotecarios na cidade e demandaba a posta en marcha dunha rede de bibliotecas municipais.

“Lemos para saber que non estamos sós”, deixou dito o pintor e autor e ilustrador de libros infantis, William Nicholson. Sob esa mesma premisa o Día da Biblioteca, que se celebra cada 24 de outubro, este ano ten por lema “Bibliotecas: ler, aprender e descubrir”, precisamente para salientar as bibliotecas como “espazos libres, diversos e abertos para o acceso á cultura e ao coñecemento, a partir da lectura e do conxunto de recursos que permiten a aprendizaxe e posibilitan o descubrimento doutras ideas, outras persoas, outras culturas e outro mundos”, tal e como explica BAMAD na convocatoria deste 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 106 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Hai que ter en conta tamén que a cidade dispón dun número significativo de espazos de lectura e pequenas bibliotecas en diferentes centros culturais e veciñais que non poden funcionar plenamente por causa de non dispoñeren as entidades dos medios materiais e humanos que permitan a súa dinamización.

Por outra parte, Vigo salienta na súa potencia creativa, nomeadamente no ámbito literario, con figuras destacadas no ámbito da creación, mais tamén como importantísimas referencias na edición e distribución de libros. Neste sentido, cómpre que o Concello de Vigo despregue esforzos adicionais para axudar ao desenvolvemento desas potencialidades, referenciando a cidade no ámbito literario e editorial.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

- 1 Instar ao Goberno municipal a elaborar, de maneira participativa, un Plan Municipal de Promoción da Lectura que inclúa, entre outras, as seguintes medidas:
  - 1.1 A posta en marcha dunha rede municipal de bibliotecas nos barrios e parroquias, principiando por executar no inmediato o proxecto de biblioteca en Teis, no antigo ambulatorio, coa dotación material e de persoal necesaria para prestar plenos servizos bibliotecarios.
  - 1.2 O desenvolvemento de campañas e programas de promoción da lectura para a poboación xeral e, especificamente, para a mocidade e o ámbito escolar, e brindado especial atención á literatura en lingua galega.
  - 1.3 O apoio e dinamización de clubs de lectura en todos os barrios e parroquias.
  - 1.4 Prover dos medios necesarios para a dinamización dos espazos de lectura e bibliotecas existentes en diferentes centros veciñais e culturais da cidade, que fican limitado pola falla de recursos para o seu completo funcionamento.
  - 1.5 Promover a posta en marcha da “Semana da Literatura de Vigo”, cunha programación ampla e descentralizada, que sirva para referenciar a cidade no ámbito literario e editorial, e para promover os e as autoras de Vigo e de Galiza.
  - 1.6 Ampliar a colaboración institucional para potenciar as feiras do libro e do libro antigo na cidade.
  - 1.7 Medidas de apoio ao sector editorial e ás librarías da cidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor do membro non adscrito señor Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto da señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 107 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.10.2021 (Rex. Nº 3155/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **16.(204). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA A PRIORIZACIÓN DE POLÍTICAS DE RECONSTRUCCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL NA CIDADE DE VIGO CON CARGO AOS FONDOS EUROPEOS NEXT GENERATION. REXISTRO PLENO 3150/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de outubro de 2021, número 3150/1101, os concelleiro/a do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN PARA A PRIORIZACIÓN DE POLÍTICAS DE RECONSTRUCCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL NA CIDADE DE VIGO CON CARGO AOS FONDOS EUROPEOS NEXT GENERATION.

A situación económica, sanitaria e social provocada pola pandemia da COVID19 ten obrigado ás administracións a esforzos orzamentarios non previstos, a innumerables gastos e a unha merma considerable na recadación co conseguinte adelgazamento das tesourerías. Especialmente en aquelas administracións cunha participación menor no conxunto da recadación impositiva no conxunto do estado e cun maior número de gastos impropios en competencias que corresponden a outras administracións: os concellos.

Para paliar estas novas necesidades a UE ten habilitando un fondo importante de recursos económicos, os chamados NextGenerationEU, que pretenden configurarse como un instrumento de recuperación temporal e que terá unha dotación total europea de máis de 800.000 millóns de euros coa pretensión de reparar os danos económicos e sociais inmediatos causados pola pandemia de coronavirus.

Entre estes fondos, configúrase o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia como elemento central dos fondos NextGenerationEU, que supón unha dotación de 723.800 millóns de euros en préstamos e subvencións dispoñibles para apoiar reformas e investimentos emprendidos polos países da UE. En Concreto, de este fondo, ao estado español van corresponderlle 140.000 millóns de euros, dos cales 72.700 serán en forma de subvencións e 67.300 en préstamos.

Análogamente, as administracións públicas poderán contar con fondos adicionais a outros programas ou fondos europeos, como Horizon 2020, InvestEU, Desenvolvemento Rural ou o Fondo de Transición Xusta (FTJ).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 108 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A maiores existirán tamén partidas importantes como os 50.600 millóns de euros en axuda de cohesión e territorios de Europa (REACT-EU) que actúan directamente nos investimentos que poden coadjuvar a estes obxectivos de recuperación económica post-covid. A particularidade deste fondos é que xa están sendo achegados neste exercicio 2021 e no próximo 2022.

A propia UE marca claramente que “o obxectivo é mitigar o impacto económico e social da pandemia de coronavirus e facer as economías e sociedades europeas máis sostibles e resistentes e mellor preparadas para os retos e oportunidades das transicións ecolóxicas e dixitais. Os estados membros están a traballar nos seus plans de recuperación e resiliencia para acceder aos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia.” O estado español, fixo os seus deberes, presentando un proxecto amplo de captación de fondos que foi aprobado pola UE o pasado 13 de xullo cunha primeira inxección de máis de 9.000 millóns de euros que están a configurarse en sucesivas liñas de financiamento de proxectos aos que tamén poden optar os concellos do estado.

Curiosamente en Vigo seguimos a descoñecer cales son as liñas de financiamento que proxectos e mecanismos de recuperación de ámbito local queren financiarse. Simplemente coñecemos por medios de comunicación información sobre diversos proxectos xa acordados ou mesmo pensados para ser parte dos investimentos orzamentarios ordinarios deste exercicio orzamentario. Unha absoluta improvisación dunha estratexia de captación de fondos europeos que debería ser estudada e ponderada en base as verdadeiras necesidades da cidade e non ao arbitrio de oportunidade de impacto mediático. Se ben é certo que a amplitude de proxectos palanca e destinos dos fondos son amplos, o que ten que configurar un goberno municipal progresista son as prioridades de usos de eses fondos dentro de políticas de reconstrución e de consolidación da mesma en todos os ámbitos da cidade.

Se ben Vigo xa decidiu optar a captar fondos relacionados co comercio e o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas (orientados á creación de plataforma online para o sector do comercio local e sinalización, do que aínda nada se sabe), o certo é que alén disto, existen moitas outras actuacións, xa consignadas ou futuras que deberían ser priorizadas para o uso de recursos procedentes destes fondos antes que os que se están a priorizar e anunciar por parte do Goberno local.

Polo exposto o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

- 1.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a solicitar axudas para a implantación de Zonas de Baixas Emisións e a Transformación Dixital Sostible do Transporte Urbano toda vez que o prazo da convocatoria rematou en setembro e é unha liña de axudas trascendental para a cidade de Vigo
- 2.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a explorar financiamento europea para a construción de edificios dotacionais como centros de día, bibliotecas, escolas infantís, centros socioculturais etc, para completar esta tipoloxía dotacional en todos os distritos da cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 109 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a explorar a construción da nova potabilizadora de auga do Casal e as infraestruturas de subministro de auga e saneamento necesarias con cargo a fondos europeos reducindo análogamente o custo de mantemento fixo que agora figura consignado na factura da auga e saneamento por mor da necesidade de artellar estes investimentos.

4.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a explorar financiamento europea para que nos ámbitos de solo urbano non consolidado que figuran na proposta de novo PXOM, e que sexa posible, os propios veciños con axudas económicas poidan completar as dotacións necesarias para consolidar os solos sen necesidade de edificar vivenda e podendo conservar a vivenda preexistente.

5.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a presentar un proxecto integral de rexeneración do Lagares para optar aos fondos de Renaturalización e Resiliencia de Cidades Españolas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para evitar inundacións e aumentar a infraestrutura verde perimetral.

6.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a presentar un proxecto completo ao calor do Plan de desenvolvemento de medidas específicas de gran impacto na loita contra a desigualdade (que figura na proposta de Plan de Recuperación e Resiliencia presentado polo goberno español ante a UE) para a creación de plazas de primeiro ciclo de educación infantil, para a mellora e eficiencia dos servizos sociais municipais e para a cobertura social de subministros básicos das familias viguesas.

7.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a desenvolver ao calor do devandito plan unha política de creación de bolsa de vivenda de aluguer social financiada con fondos europeos que mitigue a endémica falla de oferta asequible de alugueiro na nosa cidade.

8.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a presentar proposta de financiamento mediante o PLAN DE IMPULSO DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS PÚBLICOS (PIRET) para que a remodelación de Balaídos, e reforma enerxética de edificios públicos municipais non sexa a costa dos recursos propios municipais.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. No momento da votación atópase ausente a concelleira Sra. Lago Barreiro.*

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 110 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.10.21 (Rex. Nº 3150/1101), polos concelleiro/a do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### FORMULACIÓN DE ROGOS.

**17.(205).** Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que desde a OMIC se ofrezca información e asesoramento diante dos abusos por parte das subministradoras eléctricas, nomeadamente no atraso inxustificable na emisión de facturas que acumulan custes que poden supoñer importes moi elevados xerando problemas económicos ás familias da cidade.

**18.(206).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa, Rubén Pérez. Rogamos nos faciliten os investimentos previstos para o orzamento de 2022 cando menos aos grupos ao tesmo tempo que aos medios de comunicación.

**19.(207).** Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. Que se elabore unha ordenanza reguladora sobre o uso de vehículos de mobilidade persoal.

### FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**20.(208).** Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, ¿Cando vai promover o Goberno municipal unha actuación integral, en cooperación con outras administracións públicas, para a mellora e adecuación dos accesos ao Instituto Feiral de Vigo?

**21.(209).** Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes. ¿Que medidas ten previsto aplicar o goberno local para a protección efectiva do patrimonio natural e cultural na Praza de Compostela e na súa contorna de cara ás instalacións do nadal?

**22.(210).** Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. ¿Pode un patinete eléctrico circular polo carril bici?



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 111 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Outubro  
Legislatura: Mandato 2019-2023  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Miércoles, 27 de Octubre de 2021 09:09:17  
Fecha Fin : Miércoles, 27 de Octubre de 2021 13:11:45  
Duración : 04:02:28

- HTML

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3129](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3129)

- Media

[1] Windows Media Video WMV1/WMA2 1280x720 16:9 (Stereo), 3.2 GiB (Video)

SHA512 -

1cd12cc924aa22548a7ea70bae6f6e7c3cf89099793b619dfa9d0697ef203bfe0db211d  
c0cf05e8d43bee35cf0f8398547e27f554d528da3b5014ecc7f58b29f

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Lopéz Font, Carlos; Losada Álvarez, Abel; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gómez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, María Eugenia; Lago Barreiro, María del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, José Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Ángel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; López Román, Patricia; Marco González Castillo, Jesús; Egerique Mosquera, Teresa; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Igrexas, Xabier;

00:00:55 - Caballero Álvarez, Abel

00:03:22 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 29 de setembro de 2021.

00:03:36 : 2. Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público. Resolución de alegación. Expediente 118041/210. Rexistro Pleno 3138/1101.

00:03:57 - Espinosa Mangana, Elena

00:08:17 - Caballero Álvarez, Abel

00:08:24 - Pérez Iglesias, Xabier

00:10:25 - Caballero Álvarez, Abel

00:10:29 - Pérez Correa, Rubén

00:15:43 - Caballero Álvarez, Abel

00:15:48 - Gonzalez Castillo, Jesús Marco

00:20:48 - Caballero Álvarez, Abel

00:20:52 - Espinosa Mangana, Elena



Copia do documento - Concello de Vigo  
3189-1101

Data impresión: 29/12/2021 13:51 Páxina 112 de 117  
CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- 00:23:49 - Espinosa Mangana, Elena  
 00:24:03 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:24:20 - Votación [9:33:25]
- 00:24:43 : 3. Dar conta do Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2021. Expte. 102827/140. Rexistro Pleno 3137/1101.
- 00:24:45 : 4. Dar conta das liñas fundamentais do orzamento do ano 2022 e previsión de liquidación do Orzamento do ano 2021. Expte. 195/143  
 Rexistro Pleno 3140/1101.
- 00:24:46 : 5. Dar conta do Estado de execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2021, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias. Expte. 200/143. Rexistro Pleno 3139/1101.
- 00:24:48 : 6. Dar conta da morosidade e período medio de pagos do terceiro trimestre de 2021. Expte. 24845/541. Rexistro Pleno 3141/1101.
- 00:25:01 - Aneiros Pereira, Jaime  
 00:35:10 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:35:18 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:39:21 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:39:26 - Pérez Correa, Rubén  
 00:49:33 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:49:37 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 00:59:53 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:59:58 - Aneiros Pereira, Jaime  
 01:06:09 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:06:18 : 7. Aprobación definitiva do Instrumento de Ordenación Provisional no ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 Calvario. Expte. 17165/411. Rexistro Pleno 3146/1101.
- 01:06:39 - Caride Estévez, María José  
 01:08:18 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:08:23 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:10:27 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:10:31 - Pérez Correa, Rubén  
 01:14:17 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:14:21 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 01:19:22 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:19:27 - Caride Estévez, María José  
 01:21:22 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:21:58 - Caride Estévez, María José  
 01:22:47 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:23:14 - Votación [10:32:17]  
 01:23:36 - minuto de silencio victimas de violencia machista--  
 01:24:53 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:24:56 : 8.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Goberno de España a incrementar substancialmente os recursos que asigna á cidade e a executar a totalidade do Orzamento. Rexistro Pleno 3156/1101.
- 01:25:11 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 01:25:32 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 01:30:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:30:18 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:32:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 113 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 01:32:41 - Pérez Correa, Rubén  
 01:37:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:37:55 - López Font, Carlos  
 01:43:02 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 01:46:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:46:41 - Votación [10:55:45]
- 01:46:57 : 9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a incluír nos seus orzamentos unha partida para garantir a gratuidade das escolas infantís dende o 1 de xaneiro de 2022, para a atención educativa e para o servizo de comedor. Rexistro Pleno 3151/1101.
- 01:47:17 - Gomez Díaz, Gorka  
 01:52:25 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:52:31 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:54:36 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:54:40 - Méndez Fuentes, Oriana  
 01:59:41 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:59:45 - Lopez Roman, Patricia  
 02:03:59 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:04:05 - Gomez Díaz, Gorka  
 02:05:01 - Lopez Roman, Patricia  
 02:05:06 - Gomez Díaz, Gorka  
 02:05:11 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:05:15 - Gomez Díaz, Gorka  
 02:05:31 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:05:41 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 02:05:46 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:06:11 - Gomez Díaz, Gorka  
 02:07:35 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:07:55 - Votación [11:16:54]
- 02:08:15 : 10. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a contratación de profesorado para tódolos centros educativos da nosa cidade que viron recortado o seu persoal. Rexistro Pleno 3152/1101.
- 02:08:30 - Gomez Díaz, Gorka  
 02:13:34 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:13:38 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:15:53 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:15:56 - Méndez Fuentes, Oriana  
 02:20:48 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:20:53 - Egerique Mosquera, Teresa  
 02:25:58 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:26:06 - Gomez Díaz, Gorka  
 02:29:15 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:29:21 - Votación [11:38:35]
- 02:29:51 : 11. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que bonifique as peaxes da autoestrada Vigo-Baiona nos mesmo termos que o fixo o Goberno do Estado coa peaxe a Redondela. Rexistro Pleno 3152/1101.
- 02:30:06 - Aneiros Pereira, Jaime  
 02:35:12 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:35:16 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:37:22 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:37:29 - Pérez Correa, Rubén  
 02:42:06 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:42:10 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 02:46:55 - Espinosa Mangana, Elena



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 114 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 02:47:06 - Aneiros Pereira, Jaime  
 02:50:35 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:50:41 - Votación [11:59:55]
- 02:51:21 : 12. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a consignación nos Orzamentos do 2022 da partida económica correspondente para a realización da ampliación do túnel de Beiramar en Vigo. Rexistro Pleno 3154/1101.
- 02:51:38 - Caride Estévez, María José  
 02:56:49 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:56:54 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:59:04 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:59:09 - Pérez Correa, Rubén  
 03:04:12 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:04:16 - Egerique Mosquera, Teresa  
 03:08:49 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:08:54 - Caride Estévez, María José  
 03:09:55 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:09:58 - Caride Estévez, María José  
 03:12:28 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:12:36 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:12:45 - Votación [12:21:59]
- 03:13:21 : 13. Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 23.09 ao 19.10.2021. Expte. 1093/1102. Rexistro Pleno 3148 /1101.
- 03:13:31 : 14. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 23.09 ao 19.10.2021. Expte. 1094/1102. Rexistro Pleno 3149/1101.
- 03:13:47 : 15. Moción do concelleiro non asdcrito por un Plan municipal de promoción da lectura en Vigo. Rexistro 3155/1101.
- 03:13:59 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:16:10 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:16:13 - Méndez Fuentes, Oriana  
 03:20:47 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:20:52 - Egerique Mosquera, Teresa  
 03:26:02 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:26:05 - Losada Alvarez, Abel Fermín  
 03:31:16 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:31:28 - Losada Alvarez, Abel Fermín  
 03:31:48 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:31:52 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:33:15 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:33:26 - Votación [12:42:34]
- 03:33:48 : 16. Moción do grupo municipal Mixto para a priorización de políticas de reconstrución económica e social na cidade de Vigo con cargo aos fondos europeos Next Generation. Rexistro Pleno 3150/1101.
- 03:34:02 - Pérez Correa, Rubén  
 03:39:25 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:39:29 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:42:42 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:42:47 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:47:59 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:48:13 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:53:31 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:53:34 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:54:12 - Espinosa Mangana, Elena



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 115 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

03:54:20 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:54:28 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:54:47 - Pérez Correa, Rubén  
 03:54:59 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:55:16 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:55:39 - Pérez Correa, Rubén  
 03:58:53 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:59:15 - Votación [13:08:30]

03:59:42 : 17. Formulación de rogos.  
 03:59:47 - Pérez Iglesias, Xabier  
 04:00:09 - Espinosa Mangana, Elena  
 04:00:12 - Pérez Correa, Rubén  
 04:00:29 - Espinosa Mangana, Elena  
 04:00:34 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 04:00:44 - Espinosa Mangana, Elena

04:00:47 : 18. Formulación de preguntas.  
 04:00:51 - Pérez Iglesias, Xabier  
 04:01:04 - Espinosa Mangana, Elena  
 04:01:06 - Méndez Fuentes, Oriana  
 04:01:23 - Espinosa Mangana, Elena  
 04:01:28 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 04:01:41 - Espinosa Mangana, Elena

04:02:28 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e trece minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 13/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.  
 am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Javier Pardo Espiñeira  
 Elena Espinosa Mangana  
 Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 116 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

# Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:51	Páxina 117 de 117
3189-1101	CSV: AFA9AD-262538-E4A6EH-V9MXYL-HBPARS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		